



AUTOINFORME DE SEGUIMENTO

Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS

Curso Académico: Curso 2019-2020

- [Datos da universidade e do título obxecto do seguimento](#)
- [Cumprimento do proxecto establecido](#)
 - Dimensión 1. A xestión do título
 - [Criterio 1. Organización e desenvolvemento](#)
 - [Criterio 2. Información e transparencia](#)
 - [Criterio 3. Sistema de garantía de calidade](#)
 - Dimensión 2. Recursos humanos
 - [Criterio 4. Recursos Humanos](#)
 - [Criterio 5. Recursos materiais e servizos](#)
 - Dimensión 3. Resultados de aprendizaxe
 - [Criterio 6. Resultados da aprendizaxe](#)
 - [Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento](#)
- [Modificacións do plan de estudos](#)
- [Listaxe de evidencias e indicadores](#)
- Plan de Melloras
 - Abertas Curso 2020-2021
 - [AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)

- [AM-MP-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
- Finalizadas Curso 2019-2020
- [AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
 - [AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria \(S\)- INTERCAMPUS](#)
- [Addenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao de Mestre/a de Educación Primaria do curso 2019-20. Accións desenvolvidas debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19 – Facultade de Formación do Profesorado \(Lugo\)](#)
- [Addenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao de Mestre/a de Educación Primaria do curso 2019-20. Accións desenvolvidas debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19 – Facultade de Ciencias da Educación \(Santiago de Compostela\)](#)

<u>1. DATOS DA UNIVERSIDADE E DO TÍTULO</u>	
Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Mencións/Especialidades	<ul style="list-style-type: none"> • Atención á Diversidade (FCE-Santiago) • Educación Musical (FCE-Santiago) • Lingua estranxeira: inglés (FCE-Santiago e FFP-Lugo) • Audición e Linguaxe (FFP-Lugo) • Educación Física (FFP-Lugo) • Dirección e Xestión de Centros (FFP-Lugo)
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
En caso de títulos interuniversitarios, universidade/s participante/s	
Centro responsable	Facultade de Ciencias da Educación
	Facultade de Formación do Profesorado
Centro/s onde se imparte	Facultade de Ciencias da Educación
	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Profesión regulada	Si
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011
Data acreditación ex ante (verificación)	30/06/2010
Data renovación acreditación	20/07/2016

2. CUMPRIMENTO DO PROXECTO ESTABLECIDO

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO:

Estándar: O programa formativo está actualizado e implantouse de acordo coas condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme a memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte dos estudantes.

1.1.- O título mantén o interese académico e está actualizado segundo os requisitos da disciplina, avances tecnolóxicos e científicos, necesidades socioeconómicas e requisitos da profesión.

Aspectos a valorar:

- O perfil formativo/egreso do título mantén a súa relevancia e está actualizado segundo os requisitos do seu ámbito académico, científico e profesional e, no seu caso, segundo as necesidades e requisitos da profesión regulada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A regulación do título de Mestre de Educación Primaria recóllese na Orde ECI/3857/2007, de 27 de decembro. No seu contido apúntanse as condicións necesarias para verificar os títulos universitarios que capaciten para o desenvolvemento da profesión de Mestre. A especialidades docentes dos Mestres de Primaria preséntanse no Real Decreto 1594/2011, do 4 de novembro.

O perfil formativo/egreso do título conserva a súa relevancia e interese no noso contexto social. No curso 2016/2017 implantouse a 2ª edición do plan de estudos, ofertada unicamente a estudantes do primeiro curso (inicio de estudos), xa que se implantará gradualmente, un curso cada ano académico. Esta modificación académica responde ás necesidades e condicións da profesión regulada.

Na Memoria para a verificación do título está debidamente xustificado o seu interese académico, científico e profesional. No epígrafe adicado á descrición do título cítase o tipo de ensinanza, as mencións cualificadoras, a distribución de créditos e o número de prazas ofertadas. No Campus de Santiago ofértanse sete mencións cualificadoras: Lingua Estranxeira: Inglés, Atención Á Diversidade e Educación Musical. No Campus de Lugo ofertáanse para o curso 2019-2020 catro mencións cualificadoras: Educación Física, Lingua Estranxeira: Inglés, Audición e Linguaxe e Titoría e Xestión de Centros.

En canto ao número de prazas ofertadas, a Memoria de verificación recolle que a Facultade de Formación do Profesorado en Lugo dispón dun total de 90 de novo ingreso para o primeiro ano de implantación, mentres que na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago o número é de 140 prazas.

No curso 2019/2020 o número de prazas ofertadas foi o mesmo que no curso anterior (2018/2019) 194 en total: 112 na FCE-Santiago, 82 na FFP-Lugo. Cómpre engadir 16 prazas para o Dobre Grao en Mestre/a de Educación Infantil e Mestre/a de Educación Primaria, tanto no Campus de Lugo como no de Santiago de Compostela. Na Facultade de Ciencias da Educación estabilizouse a redución do 5% sobre as prazas de novo ingreso con respecto a dous cursos atrás, que xa foran reducidas de 140 a 133, posteriormente a 126 e 115 no curso 2017/2018. Por iso, o número ofertado en Santiago correspóndese coa cifra de 112 prazas. O cupo de prazas ofertadas viuse superado polo número de alumnado finalmente matriculado (procedemento de adscrición da CIUG). A implementación do título xustifícase en base á demanda de estudantes neste ámbito profesional. Para as 82 prazas ofertadas en Lugo (Facultade de Formación do Profesorado) presentáronse un total de 512 solicitudes. Para as 112 prazas ofertadas en Santiago (Facultade de Ciencias da Educación) entregáronse un total de 954 solicitudes. Os datos confirman que a demanda crecente de prazas na titulación, tanto no Campus de Santiago como no de Lugo, é unha constante, con unha cota moi superior de solicitudes por número de prazas ofertadas.

A matrícula de novo ingreso por presinscripción foi de 205 estudantes, co cal a variación de novo ingreso é do 3,02. Na Facultade de Ciencias da Educación a relación de preinscritos en 1ª opción matriculados por primeira vez sobre as prazas ofertadas foi 91,07 marcando un importante ascenso en relación ao curso anterior 71,43%, a súa vez na Facultade de

Formación do Profesorado, a porcentaxe sitúase no 43,90%. O número de matriculados en todos os cursos do título, sen contabilizar aos estudantes de programas de mobilidade incoming, acadou un total de 1008 (1020 no curso anterior). A matrícula de acceso foi de 252 estudantes (250 no curso anterior), incluíndo tanto aos que trasladan o seu expediente, como aos que acceden por validación parcial de estudos estranxeiros ou aos que se adaptan desde plans en extinción.

A porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos matriculados en programas de mobilidade incoming, foi dun 0,69%, igualando a cifra do curso anterior. No caso, da porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre estudantes matriculados, sen contabilizar aos matriculados en programas de mobilidade incoming, cabe sinalar que aumentou desde un 0,88% no curso 2018/2019 ata un 1,19% no curso 2019/2020, cambiando así a tendencia decrecente dos últimos anos.

A taxa de ocupación do título acadou a porcentaxe de 105,67%, marcando un leve ascenso en comparación co curso anterior (102,58%). Tamén a nota media de acceso por preinscrición (5-14) foi de 9,77, a máis alta nos últimos cursos, o que engade atractivo e interese para o futuro alumnado. Os estudantes que accederon á titulación con puntuación igual ou superior a seis foi do 100%. A relación de estudantes preinscritos en primeira opción foi 71,13% marcando un importante ascenso respecto aos cursos anteriores (58,50% no 2017/2018 e 65,46% no 2018/2019)

A elevada demanda dos estudantes polo título ven refrendada tanto pola traxectoria da USC na formación de Mestres como polos resultados obtidos polos egresados. A porcentaxe de alumnado que termina os estudos no tempo previsto é en Santiago 70,97%, e en Lugo o 80,95%, sendo o total o 74,33%. A duración media dos estudos no Campus de Santiago de 4,41 anos e en Lugo de 4,13; o que fai un total de 4,30 anos para a titulación; manténdose na mesma liña que en cursos anteriores. Os datos amosan unha boa xestión dos elementos e ferramentas que apoian o proceso formaivo deste Título.

1.2.- O plan de estudos desenvolveuse seguindo a oferta de módulos e materias previstas na memoria verificada.

Aspectos a valorar:

- A oferta de módulos e materias correspóndese co establecido na memoria de verificación e, se é o caso, nas sucesivas modificacións.
- O Desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación, correspóndese co establecido na memoria de verificación e permite a consecución das competencias. O tamaño dos grupos é adecuado ás actividades formativas.
- No seu caso, o curso de adaptación cumpre a súa función en canto á adquisición de competencias e coñecementos, por parte dos estudantes que os cursen e adecúase ao establecido na memoria de verificación do título.
- Participación do alumnado en programas de mobilidade.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A actividade docente orientada á obtención das competencias previstas desenvolveuse conforme ao indicado na memoria de verificación do título, que amosa a sucesión de materias, organizadas en dous cuatrimestres, para a capacitación e formación profesional dos Mestres. No apartado quinto a memoria achega as indicacións para a planificación das ensinanzas, respecto das actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación. No Informe Anual de Seguimento 2015/2016 fixéranse constar erros derivados do proceso de enforcado de datos na Memoria de verificación do título, así como a introdución dos contidos correctos, correspondentes ás materias optativas “A convivencia nos centros escolares” e “A calidade nos centros escolares”, propias da Mención cualificadora en Dirección e xestión de centros que se imparte na Facultade de Formación do Profesorado. As páxinas web das dúas Facultades amosan enlaces aos programas docentes das distintas materias do título, seguindo os parámetros establecidos na Memoria verificada para acadar as competencias a desenvolver ao longo do título. De igual xeito, a oferta de módulos e materias correspóndese co establecido neste documento. Seguimos destacando este feito que vimos estabilizando no curso 2019/2020.

O último dato que temos da media de alumnos por grupo expositivo é de 54,63 datado no curso 2017/2018. Si que temos datos actualizados da media de alumnos por grupo de docencia interactiva que descende ata situarse en 24,88 (29,32 no curso 2018/2019).

O Curso de adaptación para titulados consta, tal e como recolle a Memoria verificada, dun total de 39 créditos e ofertáse coas mesmas condicións e recursos que o grao.

O alumnado pode participar de xeito opcional nos programas de mobilidade rexidos polo “Regulamento de intercambios interuniversitarios”. A través do Servizo de Relacións Exteriores xestiónanse programas de intercambio tanto nacionais (SICUE), como europeos (Erasmus) e extracomunitarios (países de América Latina ou de fala inglesa). Cabe salientar que no curso 2019/2020 non se conta con datos da satisfacción media dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade, polo que facemos referencia ao curso 2018/2019 onde o dato foi dun 3,70 (1-5). Sucede o mesmo cos/coas estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados no curso 2019/2020, ao non existir dato neste curso facemos referencia ao último dispoñible no 2017/2018 cando supuxo un 2,39 % na Facultade de Santiago e un 0,76% na de Lugo. Dadas as circunstancias derivadas da emerxencia sanitaria da COVID-19, os datos de mobilidade e traslados víronse afectados.

Na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago dos programas de mobilidade saínte durante o curso 2019/2020 beneficiáronse un total de 62 alumnos, dos cales 17 pertencían ao Grao en Mestre de Educación Primaria: 6 desfrutaron do Programa Erasmus (2 Francia, 2 Italia, 2 Polonia, e unha persoa en Finlandia, Hungría, Turquía, Holanda, Lituania e Portugal) e 4 realizaron a súa mobilidade dentro do Programa SICUE. As cifras son lixeiramente superiores ás do curso anterior onde se rexistraron un total de 44 alumnos desprazados na totalidade da Facultade, 19 do Grao en Mestre de Educación Primaria. En relación aos programas de mobilidade entrante non se rexistrou ningún alumno/a no curso 2019/2020.

Con respecto á procedencia ou destino do alumnado participante en programas de mobilidade, na FFP-Lugo no curso 2019-2020 enviáronse tres alumnos de SICUE do Grao de Infantil, 4 Erasmus do Grao de Primaria e un Erasmus do Dobre Grao. Non se rexistrou mobilidade entrante. No curso anterior o alumnado de Educación Primaria ocupou 5 prazas, 4 Erasmus e 1 SICUE, polo que as cifras mantéñense en valores similares. A baixa porcentaxe de alumnado participante neste tipo de programas obríganos a continuar esforzándonos en tratar de aumentar a mobilidade do alumnado.

Non hai datos dispoñibles para o curso 2019-20 sobre a satisfacción do alumnado saínte cos programas de mobilidade, aínda que o dato do curso anterior é positivo (3,70 sobre 5 de media nos dous campus).

1.3.- O título conta con mecanismos de coordinación docente que permiten analizar se o desenvolvemento do plan de estudos posibilita a adquisición das competencias por parte dos estudantes e, no seu caso, se establecen as accións de mellora oportunas.

Aspectos a valorar:

- A coordinación horizontal e vertical entre as diferentes materias do plan de estudos evita baleiros e duplicidades.
- No caso de que o título se imparta en varios centros da Universidade ou sexa interuniversitario, analizarase o funcionamento dos mecanismos de coordinación entre todos os centros/universidades que imparten o plan de estudos.
- No caso de que existan prácticas externas, valorarase se os mecanismos de coordinación permiten aos estudantes alcanzar as competencias asociadas a estas prácticas.
- No caso de que o título se imparta en varias modalidades (presencial, a distancia, semipresencial) valorarase a coordinación docente entre as modalidades, co fin de que os estudantes podan alcanzar as mesmas competencias con independencia da modalidade cursada.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A implementación do título de Mestre de Educación Primaria aposta pola coordinación do profesorado. De feito, as guías docentes son un instrumento importante para a coordinación das materias e para o desenvolvemento da docencia. Nas dúas facultades que se imparte esta titulación existe un coordinador do título e outro específico por cada curso. Entre os seus cometidos atópase a acollida do novo alumnado, os encontros cos delegados de curso, as sesións de traballo co profesorado da titulación, a recollida de información para elaborar os informes de seguimento e das accións de mellora, a comprobación dos programas docentes, a comunicación periódica co alumnado, así como a distribución e análise dos cuestionarios de avaliación.

Para unha mellor distribución, delimitación e optimización de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), como acción de mellora, no curso 2019-20 elaborouse na FFP-Lugo por parte do equipo decanal e as coordinacións de título (coa colaboración das coordinacións de curso) un documento marco que concreta de xeito claro as funcións de cada tipo de coordinación, evitando duplicidades innecesarias e mellorando os procedementos.

A satisfacción do alumnado coa docencia recibida sitúase en 3,77 (1-5) en Santiago e 4,02 (1-5) en Lugo para o primeiro cuatrimestre, e 4,16 en Santiago e 4,09 en Lugo no segundo cuatrimestre. Os aspectos mellor valorados (por riba de 4

puntos de media) fan referencia á explicación da programación e dos criterios de avaliación, ao cumprimento co plan de traballo previsto, á resolución de dúbidas, á comunicación co alumnado e á axuda prestada nas titorías. Porén, os aspectos menos valorados son en relación ao aproveitamento da asistencia e á nivel de partida en relación á materia. No curso 2019/2020 debido a situación creada pola COVID-19 modificouse a enquisa pasada ao alumnado, incluíndo ítems relativos ao traballo virtual e a adaptación de contidos. Neste senso, cabe sinalar que alumnado mostrou un alto grado de satisfacción global co proceso, pese as circunstancias sobrevidas, así a media global foi de 4,14 (1-5), 4,16 en Santiago e 4,09 en Lugo. Destacan como aspectos máis valorados que o profesorado mantivo o cronograma previsto antes da crise da Covid-19, e tamén que se solucionaron as dúbidas xerais plantexadas tanto en clase, titorías, aula virtual ou titorías. Curiosamente, os/as alumnos/as outorgan a puntuación máis baixa (3,70) á resolución de dúbidas vinculadas expresamente as materias.

Por outra banda, o nivel de satisfacción global do profesorado coa docencia impartida sitúase en 4,18 (1-5) en Santiago e 4,10 (1-5) en Lugo. Cabe salientar que no curso 2019/2020 se incluíron cuestións vinculadas a docencia en remoto. O ítem máis valorado globalmente é accesibilidade que ten o alumnado durante as titorías (4,89), seguido pola información que se lle da ao alumnado en relación aos criterios de avaliación das materias (4,71). Os menos valorados son a coordinación entre as distintas materias e/ou niveis do título (3,47), o relativo ao material e servizos de apoio á docencia existentes (3,57) e tamén a valoración en relación a experiencia previa no uso das tecnoloxías para a avaliación en remoto (3,58).

Un dos compoñentes máis importantes do título para a capacitación profesional dos estudantes é o Prácticum (prácticas externas) cunha asignación de 42 créditos de carácter obrigatorio na Memoria verificada Na 1ª edición do título as Prácticas distribúense en tres períodos (12 créditos. 2º curso, 3ºcuadrimestre; 18 créditos. 3º Curso 6º cuadrimestre; 12 créditos. 4º curso, 7º cuadrimestre), e na 2ª edición (implementada a partir do curso 2016/2017) en dous períodos (18 créditos. 3º curso, 5º cuadrimestre; 24 créditos. 4º Curso 8º cuadrimestre). Cada centro conta cun coordinador do Prácticum co que colaboran os coordinadores de cada unha das materias que o compoñen. Este organigrama responde á complexidade que supón a organización das prácticas e a súa importancia formativa. Para facilitar o seu desenvolvemento asínanse convenios coa Administración educativa correspondente, coa finalidade de regular a presenza do alumnado en centros escolares e favorecer a colaboración entre a Universidade e as institucións educativas. Ao inicio de cada curso académico organízanse reunións informativas para explicar o proceso de elección dos centros de prácticas.

Para dar cumprimento a Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, a partires do curso 2016/2017 os estudantes do título que queiran matricularse en materias de Prácticum deben aportar a certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e presentala xunto coa matrícula. Nas páxinas web dos dous centros ofrécese información complementaria para o desenvolvemento das prácticas externas: programa, centros ofertados, asignación de prazas e distribución do alumnado, etc.

Tamén existe a figura do coordinador ou coordinadora do TFG da titulación na Facultade do Profesorado de Lugo. Tendo en conta o número elevado de traballos presentados e o escaso número de docentes cos que se pode contar para as tarefas de titorización e avaliación, a coordinación dos TFG require dun gran esforzo.

A coordinación intercentros é unha das accións máis importantes para garantir a transferencia de boas práctica e mecanismos de funcionamento entre os Campus de Santiago e Lugo: velar pola celebración de reunións periódicas que melloren o intercambio de información sobre asuntos como incorporación do alumnado, profesorado, Prácticum, coordinación de materias e seguimento do título. De maneira reiterada vense tratando nesta Comisión o análise dos concursos para a dotación de profesorado que, aínda que positivos de cara a diminuír a precariedade na contratación, non permiten un aumento significativo da dotación de recursos humanos, unha cuestión que se vai solucionando paulatinamente.

De maneira xeral, o título impártese unicamente en modalidade presencial, polo que non é necesario a coordinación entre diferentes modalidades de impartición. Aínda que no curso 2019/2020 se pasase a unha docencia completamente virtual desde o mes de marzo por cuestións sobrevidas. Con carácter xeral, a exención de docencia para o alumnado concédese só para as clases expositivas, agás que o programa da materia contemple outras situacións, cando se demostre debidamente acreditado o solapamento de horarios con outras materias da titulación, a simultaneidade de estudos oficiais, a conciliación da vida familiar e persoal ou a ocupación profesional. Nos programas das materias o profesorado indica os procedementos necesarios para que estes estudantes podan alcanzar as mesmas competencias que na

docencia presencial. No curso 2019-2020 na FFP-Lugo solicitáronse en total 29 dispensas de asistencia (17 para Primaria, 10 para Infantil e 2 para o Dobre Grao), sendo todas elas aceptadas. Na FCE-Santiago solicitaronse un total de 62 dispensas (18 aceptadas e 44 denegadas), no Grao de Mestre/a en Educación Primaria foron 4 concedidas e 22 denegadas. Non houbo solicitudes no dobre grao de mestre/a de educación infantil e primaria.

1.4. Os criterios de admisión aplicados permiten que os estudantes admitidos teñan o perfil de ingreso adecuado para iniciar estes estudos.

Aspectos a valorar:

- Coherencia entre o perfil de ingreso establecido na memoria verificada e o perfil real do estudiantado matriculado no título.
- No seu caso, os complementos de formación compren a súa función en canto á nivelación e adquisición de competencias e coñecementos por parte dos estudantes que os cursen.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A memoria verificada indica que a selección dos alumnos de novo ingreso rexirase pola normativa xeral de xestión académica da USC e, en particular, a que regula os procedimentos de selección para o ingreso nos centros universitarios dos estudantes que reúnan os requisitos legais para o acceso á Universidade. Sinala, tamén, que non se requiren condicións nin probas de acceso especiais. En consecuencia, non se observan disonancias destacadas entre o perfil real do alumnado matriculado no título e o perfil de ingreso establecido na memoria verificada. Os requisitos de acceso e criterios de admisión recollidos na memoria verificada estanse a cumprir.

O perfil maioritario dos estudantes do Título tiveron superado as probas de acceso á Universidade (91 en Lugo, 120 en Santiago). Ademais desta modalidade, que é a maioritaria, tamén teñen posibilidade de cursar os estudos de Mestre de Educación Primaria estudantes en posesión dun título académico ou profesional, alumnos procedentes de universidades extranxeiras, estudantes ou maiores de 40 anos. No curso 2019/2020 matriculáronse 3 titulados universitarios na Facultade de Lugo e 1 na Facultade de Santiago, 1 alumno maior de 45 anos no centro lucense, 2 deportistas de alto nivel en Santiago e 1 en Lugo, e 2 persoas con discapacidade no centro Compostelano e 1 en Lugo.

1.5.- A aplicación das diferentes normativas contribúe á eficiencia nos resultados do título.

Aspectos a valorar:

- A aplicación das distintas normativas (normativa de permanencia, os sistemas de transferencia e recoñecemento de créditos, así como outras relacionadas coa avaliación, traballos fin de grao/máster, prácticas externas, ...) desenvólvense segundo o establecido nelas, tendo en conta as competencias previamente adquiridas polo estudante e as competencias a adquirir no título. Impacto delas nos resultados.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

A USC conta cunha ampla normativa relacionada cos estudantes e a calidade da docencia. A súa aplicación contribúe a un adecuado desenvolvemento do título. O cumprimento da Normativa de permanencia nas titulacións de grao e máster, aprobada polo Consello Social da USC, estase a desenvolver sen problema. Cúmrense os aspectos fundamentais sobre os tipos de matrícula o réxime de permanencia e o de convocatorias, así como a regulación do progreso académico. A taxa de éxito (relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que foi egresado e o número total de créditos aos que se presentou) foi dun 97,74% a nivel Intercampus. Tamén é importante ter en conta a taxa de idoneidade na graduación, que recolle a relación porcentual entre os estudantes que finalizaron os estudos no tempo previsto no plan de estudos ou antes e a súa cohorte de ingreso. Esta taxa, que acadou unha media global de 65,78% (71,43% na FFP-Lugo, 62,90% na FCE-Santiago), amosa información sobre o grao de eficacia do alumnado e da institución con relación á súa actividade académica. E, por último, a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) foi dun 95,41% en total (96,88% na FFP-Lugo, 94,57% na FCE-Santiago), o que amosa a relación porcentual entre o número total de créditos que superou un estudante ao longo da titulación na que egresou e o número total de créditos nos que se matriculou. De xeito xeral, a duración media dos estudos foi dun 4,30 anos a nivel Intercampus.

En canto á Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos, a Memoria verificada especifica que o recoñecemento de créditos cursados en ensinanzas superiores oficiais non universitarias é de 30, o dos cursados en títulos propios non procede, e que os dos cursados por acreditación de experiencia laboral ou profesional é como máximo de 36.

No curso 2019/2020 tamén se cumpríu cos Regulamentos do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria nos dous centros, Lugo e Santiago, aprobados ambos polo Consello de Goberno do 31 de xaneiro de 2017. Aínda que cabe salientar que se introduciron algúns cambios para a adaptación a situación derivada da crise sanitaria. Na Facultade de Ciencias da Educación defendéronse 170 traballos de Fin de Grao. As cualificacións obtidas no TFG durante o curso 2019-2020 indican que un 47,05% (80) dos estudantes acadaron Notable, seguido dun 43,52% con Sobresaliente (76), 8,23% de aprobados (14) e 1,17% (2) Matriculas de Honra.

Na Facultade de Formación do Profesorado defendéronse durante o curso 2019-2020 117 TFGs. A cualificación máis frecuente foi a de Notable cun 43,58% (51 traballos), seguida de Sobresaliente cun 42,73% (50), Aprobado cun 8,54% (10), Matrícula de Honra cun 4,27% (5) e Suspenso cun 0,85% (1).

En liñas xerais, tanto na FCE de Santiago de Compostela, como na FFP-Lugo no curso 2019-2020 desenvóléronse segundo o establecido tanto o Regulamento das Prácticas Académicas Externas como o Regulamento do Traballo Fin de Grao da titulación de Grao en Mestre de Educación Primaria, sendo preciso realizar algúns axustes coxunturais no desenvolvemento de ámbalas dúas materias por mor da situación de emerxencia sanitaria derivada do Covid-19. Estes axustes afectaron esencialmente ao tipo de actividades desenvolvidas nas Memorias de prácticas e ás condicións para as defensas dos Traballos de Fin de Grao, que se fixeron de xeito telemático e avaliando únicamente os títulos de TFG.

En aplicación da Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión das cualificacións, da USC existe un apoio tutorial extraordinario cunha metodoloxía de aprendizaxe establecida entre o profesor-tutor e o alumno. A súa finalidade consiste en axudar aos estudantes a superar aquelas materias que lles presenten especiais dificultades, sempre e cando non superen máis de 18 créditos, quedando excluídas as materias do Traballo Fin de Grao e das Prácticas externas tuteladas.

En canto ao Prácticum, a porcentaxe de estudantes egresados no curso 2019/2020 que ao longo dos seus estudos realizaron prácticas externas sobre o total de estudantes egresados nese título e nese mesmo curso académico foi dun total de 90,08% (83,81% na FFP-Lugo, 94,27% na FCE-Santiago).

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA:

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira adecuada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garanten a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e está dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados nel (estudantes, empregadores, administracións educativas e outros grupos de interese).

2.1.- A institución publica, para todos os grupos de interese, información obxectiva, suficiente e actualizada sobre as características do título e sobre os procesos que garanten a súa calidade.

Aspectos a valorar:

- Publícase información suficiente e relevante sobre as características do programa formativo, o seu desenvolvemento e os resultados alcanzados.
- A información sobre o título é obxectiva, está actualizada e é coherente co contido da memoria verificada do título e as súas posteriores modificacións.
- Garántese un fácil acceso á información relevante do título a todos os grupos de interese.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Nas páxinas web dos dous centros, Facultade de Formación do Profesorado en Lugo e Facultade de Ciencias da Educación en Santiago pódese consultar tanto a Memoria de verificación como a organización dos cursos e os programas das materias, o que demostra unha accesibilidade áxil á información sobre suficiente e obxectiva para dar conta dos estudos ofertados e as características do título. Tamén se amosa información específica sobre o programa formativo tanto dos programas de mobilidade (estudantes seleccionados), como do Traballo Fin de Grao (programa, calendario, asignación de titores, etc.), e das Prácticas externas (centros ofertados, distribución alumnado, formularios, etc.). Estas informacións permiten analizar os resultados acadados e medir calidade do título.

Non contamos con datos sobre satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible no curso 2019/2020, pero no curso anterior (2018/2019) esta traducíase nun valor de 3,12 (1-5) como media Intercampus (3,23 na FFP-Lugo, 2,95 na FCE-Santiago).

Con respecto á información dispoñible sobre o título, na enquisa de satisfacción do PDI coa titulación este ítem valórase de xeito moi positivo, cun 4,09 de media sobre 5. Na enquisa de satisfacción do alumnado coa titulación, a información dispoñible sobre o título valórase de media cun 3,06 nos dous centros. A satisfacción xeral destes grupos de interese mantense por tanto, en valores positivos.

DIMENSIÓN 1. A XESTIÓN DO TÍTULO

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE:

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de forma eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

3.1.- O SGC posúe os mecanismos necesarios para recoller a información precisa, analizala, detectar debilidades e propoñer accións de mellora, realizando o seu seguimento.

Aspectos a valorar:

- Os procedementos que permiten recoller a información de forma continua, analizar os resultados e empregalos para a toma de decisións e a mellora da calidade do título, desenvóléronse de acordo ao establecido.
- No caso dos títulos interuniversitarios ou dos títulos que se imparten en varios centros da Universidade, as accións levadas a cabo como consecuencia da implantación do SGC están coordinadas en todos os centros participantes no programa formativo.
- Os procedementos de avaliación e mellora da calidade da ensinanza e o profesorado desenvólense de acordo ao establecido.
- O procedemento de suxestións e reclamacións desenvólense de acordo ao establecido.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O grao de cumprimento deste criterio é satisfactorio nos dous centros que imparten o título, xa que teñen desenvolvido os procedementos necesarios para garantir a súa calidade, entre eles o funcionamento da Comisión de Calidade, o Manual Simplificado do SGIC e a Comisión de Coordinación Intercentros. Nas páxinas web das dúas Facultades ofrécese un acceso directo ao apartado de Calidade onde aparece reflectida toda a información relativa a mesma: memorias verificadas, manuais do SGIC, informes de seguimento, etc.

Na estrutura para o desenvolvemento do SGC dase conta de dúas comisións que asumen diferentes funcións dentro do sistema. Por unha banda, a Comisión do Título, que se encarga de analizar a información proporcionada pola persoa que desempeña a coordinación do Título e polo ou pola Responsable de Calidade do Centro, coa finalidade de levar a cabo o seguimento do título e realizar un informe sobre os resultados do mesmo, xunto coas propostas de mellora (informe anual de seguimento). Por outro lado, cóntase coa Comisión de Calidade do Centro, que é a encargada de realizar o deseño, a implantación, o seguimento e a mellora do SGC do centro; elaborar a Memoria de calidade do centro; propoñer o Plan de Melloras do centro para o curso seguinte (que recollerá as propostas de mellora dos títulos derivadas dos seus respectivos informes de seguimento); e elaborar o informe de seguimento da implantación do SGC e as súas propostas de mellora.

Na FFP-Lugo, durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Primaria reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Infantil nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 30 de abril de 2020: aprobación da modificación, por causa do COVID-19, do calendario, modalidade e criterios de avaliación dos TFG.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia (acordouse aprazar á aprobación para dar tempo aos membros das Comisións a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos.
- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do dobre grao para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.

Pola súa banda, a Comisión de Calidade da FFP-Lugo reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 3 de marzo de 2020: aprobación do informe de renovación da acreditación do Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza; ratificación da proposta de axudas no marco do programa de formación complementaria a cargo de profesionais e especialistas externos para o curso 2019-20; presentación do informe provisional de Certificación da implantación do SGC da Facultade e as alegacións ao mesmo.
- 18 de xuño de 2020: aprobación das coordinacións de curso para o ano 2020-21; debate e aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, de curso e de materia (acordouse aprazar á

aprobación para dar tempo aos membros da Comisión a revisar detidamente o documento e facer suxestións); e aprobación dos Informes de Seguimento 18-19 de ámbolos dous títulos de Grao (Primaria e Infantil).

- 14 de xullo de 2020: aprobación de coordinación de 5º curso do dobre grao para o ano 2020-21; aprobación do Documento Marco de funcións de coordinación de título, curso e materia.
- Por mor da situación sanitaria derivada da Covid-19, que ocasionou retrasos na recollida de evidencias e a redacción de distintos documentos, o 2 de novembro de 2020 (xa no curso 2020-21) convocouse unha reunión da Comisión de Calidade para aprobar a Memoria de Calidade correspondente ao curso 2019-2020.

Na FCE-Santiago durante o curso 2019-2020, a Comisión do Título de Primaria reuniuse de xeito conxunto coa Comisión do Título de Infantil nas datas que seguen, tomándose acordos sobre os temas que a continuación se relacionan:

- 18/06/2020: aprobación de actas anteriores, presentación do informe de seguemento do curso 2018-2019, rogos e preguntas. Na mesma tamén se debateron as accións de mellora que se debería incorporar no título.

Por outra banda, a Comisión de Calidade da FCE de Santiago de Compostela reuniuse nas datas que seguen, e tomou acordos sobre os temas que se relacionan a continuación:

- 18/06/2020: aprobación de acta anterior; lectura e aprobación dos informes de seguemento do curso 2018-2019 dos Graos da Facultade; lectura e aprobación dos informes de seguemento do curso 2018-2019 dos Masteres da Facultade; rogos e preguntas.

Cabe salientar que a FCE creou unha comisión informal entre o Decanato e as coordinacións de todos os títulos que se estivo reunindo semanalmente desde o 14 de marzo de 2020 ata o final do curso, para avaliar os cambios e avances da situación derivada da COVID-19 e actuar en consecuencia de maneira coordinada. moi importante da súa actuación.

A obtención de datos e o seu tratamento para avaliar e mellorar a calidade do título e da súa ensinanza lévase a cabo de acordo ao establecido mediante informes e cuestionarios. Con esta información trátase de dar resposta aos indicadores xerais: plan docente anual, captación de estudantes, xestión da mobilidade e prácticas externas, avaliación de aprendizaxe, información pública, xestión dos recursos humanos, materiais e servizos, así como seguimento/acreditación do título, e satisfacción dos grupos de interese: egresados, profesores, estudantes, titores externos do Prácticum (mestres en activo) incluíndo ao persoal de apoio. Na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago cóntase, ademais, cunha enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida, o desenvolvemento do Prácticum, o TFG e os servizos do centro do curso 2019/2020 que redunda nos procesos de avaliación e mellora do título. O citado instrumento foi adaptado neste curso con cuestións vinculadas as necesidades derivadas do alumnado por mor da docencia en modalidade virtual.

No procedemento de enquisa aos estudantes, ademais de preguntarlles pola súa satisfacción cos programas de mobilidade saínte, coas prácticas externas e coa docencia recibida pídeselles a súa opinión sobre algunhas cuestións propias da titulación. Neste senso, en relación ao apoio recibido, o alumnado mostra a maior satisfacción co uso do Campus Virtual (3,68) e cos trámites de matriculación na USC (3,79). Pola contra, a puntuación máis baixa dáse a hora de opinar en relación a infraestructuras e materiais dispoñibles no centro (2,85), seguido pola orientación profesional e laboral recibida (2,94). O alumnado tamén se manifestou nesta enquisa sobre aspectos propiamente formativos. Así, a valoración máis positiva dáse a hora de posicionarse en relación ao calendario de probas de avaliación (3,50), e a máis negativa cando opinan sobre a distribución da carga de traballo (3,06).

Tamén aos profesores se lles require, ademais de información sobre a súa participación en Programas de Formación e Innovación Docente, a súa titorización das prácticas obrigatorias e a súa percepción sobre a docencia impartida, a súa valoración sobre a titulación. En primeiro termo, faremos referencia a aquelas respostas aportadas en relación ao apoio a docencia. Neste senso, o profesorado valora moi positivamente a atención prestada polo persoal de administración e servizos (4,42), e tamén é destacable a súa resposta en relación ao uso do Campus Virtual (4,23). Aqueles items nos que marcan unha puntuación máis baixa son os relacionados coas aulas e o equipamento (3,20) seguido polos recursos educativos dispoñibles (3,50). As/os docentes tamén se posicionaron sobre aspectos académicos. Neste senso, o profesorado coincide co alumnado a hora de valorar o calendario de avaliación positivamente (4,14), e tamén é destacable a media obtida cando puntúan a asistencia do alumnado as aulas (4,12). A puntuación máis baixa sinalase en relación aos horarios existentes (3,50).

3.2.- A implantación do SGC facilita o seguimento dos títulos, a renovación da acreditación e garante a mellora continua permitindo a introdución de modificacións no título.

Aspectos a valorar:

- As accións de análise e revisión levadas a cabo desde o SGC permiten introducir modificacións para a mellora no título.
- O seguimento das melloras do título confirma que estas foron eficaces e que se conseguiron os obxectivos formulados.
- Os plans de mellora recollen as recomendacións dos diferentes informes derivados do proceso de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os documentos que configuran o SGC son o Manual do Sistema de Garantía Interna de Calidade e o Manual de Procesos e Procedementos. Ambos documentos, así como o Manual Simplificado do Sistema de Garantía Interna de Calidade, están dispoñibles a través das páxinas web das dúas Facultades que imparten o título. Nos dous centros se elabora anualmente unha Memoria de Calidade, que recolle información relativa ao SGC, ao seguimento do título e ao plan de melloras do centro, incluíndo as accións de mellora derivadas do seguimento dos títulos. O seguimento das melloras que se presentan no apartado 3 (plans de mellora) confirman, polo menos parcialmente, a súa eficacia e o compromiso dos centros co desenvolvemento de accións viables e relevantes para a consecución dos obxectivos expostos na memoria de verificación do título, de acordo coas recomendacións contidas nos informes finais da ACSUG correspondentes aos sucesivos informes de seguimento.

3.3.- O SGC implantado revísase periodicamente para analizar a súa adecuación e, se procede, establécense as melloras oportunas.

Aspectos a valorar:

- A análise e revisión do SGC, no que participan todos os grupos de interese, deriva en plans de mellora (responsables, calendario de execución, etc.).
- Todos os grupos de interese foron implicados no proceso de elaboración, implantación e seguimento das melloras do SGC.
- As evidencias do SGC manifestan a existencia dunha cultura de calidade consolidada no centro que contribúe á mellora continua.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O SGC revísase periodicamente para proceder á súa actualización e mellora. Neste proceso participan os representantes dos distintos grupos de interese, que teñen a oportunidade de realizar as súas contribucións e suxestións ao mesmo. De feito, pode afirmarse que a cultura de calidade vaise interiorizando a un ritmo razoable por parte de todos os axentes implicados. Con respecto ás opinións dos grupos de interese sobre aspectos relacionados coa calidade, cómpre por exemplo mencionar ao profesorado: na enquisa de satisfacción coa titulación no curso 2019-20, o ítem correspondente ao feito de que as vías existentes para participar na mellora da calidade son axeitadas é valorado cun 3,67 de media nos dous centros, e a calidade docente da titulación obtén unha valoración de 4 puntos, polo que ámbolos dous se manteñen en valores positivos

No caso da FFP-Lugo, a versión inicial do Manual do SGIC corresponde ao 27 de maio de 2010. A primeira revisión tivo lugar o 8 de febreiro de 2011, co obxectivo de proceder á singularización do documento e a introdución de diversas modificacións. Con posterioridade, o 5 de xuño de 2014 aprobouse o Manual Simplificado. Pola súa banda, o 4 de febreiro de 2015, o Consello de Goberno da USC aprobou a modificación do Manual Simplificado (modificación da táboa de indicadores), así como o Manual de Procesos e Procedementos. No curso 2016/2017 foi informado favorablemente o Plan Estratégico da Facultade o 27 de abril de 2017 así como a Programación Plurianual, aprobada pola Xunta de Facultade o 14 de marzo do 2017.

Polo que se refire á FCE-Santiago, o Manual Simplificado do SGIC adoptouse por primeira vez en decembro de 2013, sendo revisado en 2015 (aprobado pola Xunta de Facultade o 22 de abril de 2015 e, finalmente, pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno da USC o 12 de xuño de 2015).

Asemade, cabe sinalar que a Facultade de Ciencias da Educación conta cunha Política de Calidade definida no Manual do SGC exposta publicamente na páxina Web da Facultade para o coñecemento dos grupos de interese e da sociedade en xeral. Na web da facultade tamén está dispoñible o Manual de procesos do SGC. Esta Política revísase con periodicidade, a máis recente actualización da mesma data do ano 2020, e está plenamente vixente.

Así mesmo, a Facultade de Ciencias da Educación conta cun Plan Estratéxico, aprobado pola Comisión de Calidade e Planificación delegada do Consello de Goberno o 03/03/2021. Neste documento defínense a misión, visión e valores da facultade así como as liñas estratéxicas, vinculadas ao desenvolvemento dos programas formativos. Cada unha destas liñas desprégase en obxectivos estratéxicos, que son a referencia, xunto coa análise dos procesos e resultados, para a actualización anual dos obxectivos de calidade.

A actualización de documentación; Manual do SGC e o Manual de procesos do SGC, a elaboración do Plan Estratéxico e, principalmente, a Acreditación Institucional do Centro, son elementos fundamentais, aos que a decana, o equipo decanal e a Comisión de Calidade do Centro (CCC), adicarán unha parte

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS:

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e adecuado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

4.1.- Persoal académico. O título conta con profesorado suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos, as modalidades de impartición e as competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- O profesorado que participa no título conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) exixido para a súa impartición e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada. Revisarase especialmente o perfil do persoal académico asignado ao primeiro curso de títulos de grado, a prácticas externas e asociado ao Tránsito Fin de Grao ou Tránsito Fin de Máster.
- O profesorado é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todos os estudantes.
- A institución ofrece oportunidades ao profesorado para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a actividade docente.
- Participación do profesorado en programas de mobilidade.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora da cualificación docente e investigadora do profesorado.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019/2020 o corpo docente do Título de Mestre/a en Educación Primaria en Santiago estivo formado por un total de 93 profesores, que son membros de 7 departamentos (2 deles con sede na propia Facultade), e o da Facultade de Formación do Profesorado en Lugo por un total de 57 profesores/as, pertencentes a 10 departamentos. É preciso reflexionar sobre a incidencia negativa das restricións orzamentarias nos procesos de contratación de profesorado, tanto no que se refire á súa adecuación cuantitativa como ás condicións de precarización laboral ás que se ve sometido. A porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total é de 18,79 (20% na FCE-Santiago e 16,95% na FFP-Lugo), o que amosa un descenso considerable respecto aos cinco cursos anteriores polas taxas de reposición insuficientes, a precariedade dos contratos e o estancamento da promoción do profesorado existente.

No conxunto das dúas Facultades a porcentaxe de PDI doutor sobre PDI total é de 63,09% (aínda continúa sendo inferior a media da USC é de 83,73%) e a de PDI con sexenios sobre PDI total é de 50%, aínda moi por debaixo da media da USC (84,72%). Ambos ítems rexistran un breve descenso respecto ao curso anterior.

O nivel de cualificación pódese sinalar de xeito máis pormenorizado por Campus:

-No Campus de Santiago o 66,67% dos profesores/as do Grao son doutores. De todos eles soamente 24 pertencen ás categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida. As categorías docentes ás que pertencen os 93 profesores/as son as seguintes: Titular de Universidade (12), Titular de Escola Universitaria (3), Profesor Contratado Doutor (9), Profesor Axudante Doutor LOU (9), Asociado de Universidade LOU (24), Profesor interino (3), Contratado Interino (9), Lector (4), outras categorías (10).

-No Campus de Lugo, o 57,63% dos/as profesores/as do Grao son doutores. De todos eles soamente 22 pertencen ás categorías que poden ter experiencia docente ou investigadora recoñecida. As categorías docentes ás que pertencen os/as 57 profesores/as son as seguintes: Catedrático de Universidade (1), Titular de Universidade (6), Titular de Escola Universitaria (3), Profesor Contratado Doutor (12), Profesor Axudante Doutor LOU (9), Asociado de Universidade LOU (14), Profesor interino (5), Contratado Interino T3 (6), e Lector (1).

A media de alumnos por grupo de teoría en materias (FB e OB) é de 74,29 (77,09 na FFP-Lugo, 76,60 na FCE-Santiago). E a media por grupo de teoría en materias (OP) é de 41,74 (43,40 na FFP-Lugo, 40,30 na FCE-Santiago) En canto á docencia interactiva se rexistra unha media de 24,88 (25,27 na FFP-Lugo, 24,63 na FCE-Santiago) algo superior á media USC (22,32). A satisfacción do profesorado coa docencia impartida foi dun 4,15 (1-5) de xeito global, e a do alumnado coa docencia recibida dun 3,96 (1-5) tamén a nivel intercampus.

Por último, con respecto á formación continua do profesorado, participa nos cursos organizados polo Programa de Formación e Innovación Docente da USC unha porcentaxe de 57% no Campus de Santiago e de 65% no Campus de Lugo e mostra, de acordo cos indicadores dispoñibles, un grao de satisfacción media alto coas actividades formativas realizadas de 4,46 (1-5). Apréciase un considerable aumento da participación nestes cursos durante o curso 2019/2020, mesmo dobrando a matrícula no Campus de Lugo. Con todo, é de lamentar que o número de docentes que participan en programas de mobilidade sexa aínda moi escaso. No (2019-20) a porcentaxe de profesores que participaron nestes programas sobre o total do profesorado do título foi en Santiago do 0,01% (PDI total 93). Na FFP-Lugo, no curso 2019-2020 a porcentaxe de profesorado participante en programas de mobilidade foi do 3,51% dun total de 57 docentes.

4.2.- Persoal de apoio (persoal de administración e servizos, técnicos de apoio á docencia, etc.). O título conta con persoal de apoio suficiente e a súa cualificación é a adecuada, tendo en conta as características do plan de estudos.

Aspectos a valorar:

- O persoal de apoio é suficiente para desenvolver as funcións e atender a todo o persoal docente e estudantes.
- O persoal de apoio que participa no título conta co nivel de cualificación exixido e é acorde coas previsións que se incluíron na memoria verificada.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á contratación e mellora do persoal de apoio.
- A institución ofrece oportunidades ao persoal de apoio para actualizarse e continuar coa súa formación co obxectivo de mellorar a súa labor de apoio ao proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

O persoal de apoio (conserxería, administración e biblioteca) é suficiente e conta coa cualificación apropiada para desenvolver as súas funcións en relación co título. En todo caso, a eliminación da figura dos bolseiros que atendían as aulas de informática dos centros supuxo un duro contratepo para o desenvolvemento da docencia, que non sempre pode ser compensado co apoio prestado polo persoal de conserxería.

A Facultade de Ciencias da Educación en Santiago conta cun total de 15 membros que, en conxunto, amosan un aumento significativo na súa satisfacción en relación aos cursos anteriores. A valoración media no 2019/2020 é de 4 (1-5). Os ítems menos valorados correspóndense coa seguridade no eido laboral (3) e co coñecemento das funcións propias (3). Cabe salientar que só foi cuberta unha enquisa entre todo o PAS do Facultade.

Polo que se refire á FFP-Lugo, conta cun total de 11 membros, que, en conxunto, manteñen o seu índice de satisfacción en relación co curso anterior, sendo a valoración media de 4,60 e a valoración global de 4,00 sobre 5. Porén, cómpre sinalar que continúa a ser necesaria unha persoa máis en Conserxería na quenda de tarde, aspecto que se ten en conta na listaxe de accións de mellora para o curso 2019-2020. Sobre o período de suspensión de actividades presenciais por mor do Covid-19, os comentarios realizados polo PAS na FFP-Lugo refírense á falta de recursos materias (impresora, escaner) e ao notable incremento do traballo debido ás adaptacións que houbo que facer (modificación da avaliación con novos calendarios de exames, normas para TFG, TFM, grande número de correos electrónicos de alumnado solicitando información, incremento do número de reunións, etc.), así como un comentario dunha persoa que non puido realizar o seu traballo en remoto.

DIMENSIÓN 2. RECURSOS

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS:

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os adecuados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados e competencias a adquirir.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición dos estudantes son os adecuados ás necesidades do título.

5.1.- Os recursos materiais, infraestruturas e servizos postos a disposición dos estudantes e o profesorado son suficientes e adecuados ás características do plan de estudos, ás modalidades de impartición e ás competencias que deben alcanzar os estudantes.

Aspectos a valorar:

- As infraestruturas destinadas ao proceso formativo son as adecuadas en función da natureza e modalidade do título. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de aulas, salas de estudo, aulas de informática e recursos informáticos, laboratorios, salas de reunións, biblioteca, ...
- Os recursos materiais, postos a disposición dos estudantes, son os adecuados en función da natureza e modalidade do título e as competencias a adquirir por eles y coinciden coas previsións que se incluíron na memoria de verificación. Prestarase especial atención á dispoñibilidade de equipamento e material científico, técnico, asistenciais e artístico, (dependendo da tipoloxía de ensinanza), ...
- Aplicación das normativas de accesibilidade universal e deseño para todos, seguridade, saúde e medio ambiente e coñecemento delas polos axentes implicados.
- Os fondos bibliográficos, recursos documentais,... son suficientes e están actualizados.
- No seu caso, a Universidade fixo efectivos os compromisos incluídos na memoria de verificación do título relativos á creación, posta en marcha ou utilización de novas infraestruturas ou servizos externos á Universidade.
- Os servizos de orientación académica (selección de materias, problemas de aprendizaxe, necesidades especiais, aloxamento,...) e orientación profesional postos a disposición dos estudantes son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os servizos de atención ao estudante (documentación, informes de cualificacións, actas, certificados académicos, tramitación de solicitudes de validacións ou de traslado,..) postos á súa disposición son apropiados para dirixilos e orientalos nestes temas.
- Os programas de acollida e apoio ao estudante oríéntano no funcionamento da institución.
- Tendo en conta as diferentes modalidades de impartición do título, analízase e revísase o grao de adecuación, para a consecución das competencias por parte dos estudantes, das infraestruturas tecnolóxicas e servizos tanto no centro responsable do título como, no seu caso, en centros externos (centros de prácticas, empresas, centros asociados, etc.).
- No caso de que o título contemple a realización de prácticas externas, as instalacións onde se realizan son adecuadas para a adquisición das competencias.

Reflexión/comentarios que xustifican a valoración:

Nas páxinas web das dúas facultades infórmase sobre as infraestruturas e recursos materiais de que dispoñen, con indicación da ocupación de espazos, capacidade e equipamento. Os servizos dispoñibles para impartir a titulación poden considerarse suficientes pero pouco satisfactorios, tanto polo que se refire aos recursos (aulas, laboratorios, espazos para traballo dos estudantes, etc.) como aos mecanismos para garantir a súa revisión e mantemento. De feito, ningún dos dous centros dispón dun servizo de reprografía propio. É preciso continuar coas accións de mellora e ampliación de espazos, instalacións e recursos dos centros nos que se imparte a titulación. No curso 2019/2020, a valoración media dos egresados cos servizos dispoñibles amosa un lixeiro ascenso no curso 2018/2019 cun valor de 3,22 (1-5) algo por baixo da media da USC de 3,43 (1-5).

A satisfacción media do alumnado cos recursos materiais mostra unha baixas puntuacións. Así, en relación aos recursos educativos ofrecidos a media sitúase no 3,09 (1-5) A puntuación máis baixa é a que alumnas e alumnos dan as infraestruturas dos centros cun 2,85 de media. Neste senso, a puntuación máis elevada é a que marca a valoración feita respecto dos recursos dixitais como o Campus Virtual (3,68), e no relativo aos trámites de matriculación (3,79). A media da valoración do título chega ao 3,28.

A satisfacción do profesorado cos recursos materiais e servizos amosa datos semellantes as opinións vertidas polo alumnado. En relación aos recursos educativos utilizados, o profesorado marca unha media de 3,50. En canto as Aulas, infraestruturas e equipamento 3,20, cunha media do título de 4,02. Por último, o item mellor valorado é en relación a atención prestada polo PAS (4,42) seguido pola contribución do Campus Virtual a súa docencia, cunha media de 4,23.

Na opinión do alumnado a orientación académica e profesional que reciben achégase ao 3 (1-5) marcando unha media de respostas de 2,94 para o conxunto do título. Un dato a salientar é a valoración da oferta coa que o alumnado contou para o seu desenvolvemento das prácticas externas, cunha media global de 3,36 (1-5).

Tanto na FFP-Lugo como na FCE-Santiago dase cumprida información ao estudiantado sobre cualificacións, certificados, ou posibles validacións, e ambas facultades contan ademais con programas de acollida en primeiro curso para orientar ao alumnado sobre o funcionamento da institución. Na FFP-Lugo, como acción de mellora, o programa de acollida para o curso 2019-2020 foi adaptado e perfeccionado, incluíndo unha enquisa de satisfacción para o alumnado que obtivo resultados moi positivos (índice de satisfacción xeral alto ou moi alto para a meirande parte dos enquisados).

Asimesmo, na FFC-Lugo organízase ao remate do curso previo ao da elección de materias optativas unha sesión informativa sobre as mencións cualificadoras para orientar ao alumnado no proceso de elección de optativas. Por mor da situación sanitaria derivada do Covid-19, no curso 2019-2020 esta sesión tivo lugar de xeito telemático, proporcionando ademais información de interese para o alumnado sobre as diferentes mencións mediante a páxina de coordinación do segundo curso no Campus Virtual, onde se colgaron presentacións sobre as diferentes mencións.

Nas dúas Facultades vense tamén participando no Programa de Tutores da USC, a través do que se dá acollida aos alumnos de novo ingreso. Trátase dunha iniciativa con pouca implicación do alumnado que pode ser tutor (aquele que teña superado como mínimo 60 créditos). Este programa é unha ferramenta útil que se difunde entre o alumnado e o corpo docente pero que precisa de maior visibilidade na actividade diaria para facilitar as tarefas aos alumnos que inician os estudos. Na Facultade compostelana, tense tratado esta cuestión e no curso 2019/2020 púxose en marcha a creación dun novo documento de Acción Titorial, para o cal se formou ao profesorado, e se puxo en marcha unha comisión específica.

Por último, cabe sinalar a adquisición dos seguintes recursos materiais e realización de obras na Facultade de Ciencias da Educación do Campus Vida:

1. Flyers Máster Procesos de Formación. 77,63 euros.
2. Rotulación- sinalética Campus Norte e Campus Vida. 2.316,86 euros.
3. Mobiliario móbil Aula 3 Módulo A Campus Vida. 3.618,02 euros.
4. Mobiliario móbil Aula 1 Campus Norte. 16.882,88 euros.
5. Mobiliario móbil Aula 3 Campus Norte. 11.372,42 euros.
6. 4 Ordenadores Aulas Campus Norte. 2.494,90 euros.
7. Mobiliario móbil: Aulas 4-5 e 6 Módulo C; Aula 6 Módulo A Campus Vida. 25.155,30 euros (mellora con mobles, accesibilidade e usabilidade aulas vellas, inclúe iluminación).
8. 2 PC Lenovo para reposición en aulas. 1238,40 euros.
9. DVD LG BLURAY 4K HDMI UBK80. Proxector OPTOMA LED ULTRAHD 4K. Salón de Actos Campus Vida. 2964,50 euros.
10. Ordenadores AIO ZM-H11 INTEL 24", WEBCAM CONCEPTRONIC, Trípode de mesa para aulas de laboratorio TIC, posto docente aula 8,16 Campus Vida. Aula 31 Campus Norte e Sala de teleformación. 3.436,40 euros.
11. Proxectores ACER. LOGITECH CONFERENCECAM CONNECT para renovación aulas TIC, salón actos e repostos. 3127,85 euros.

Polo que respecta á FFP-Lugo, durante o curso 2019-2020 realizáronse as obras e adquiríronse os materiais que a continuación se relacionan:

Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	06/09/19 A185096 FACT A/1284 1 Destructora de papel pequena para Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	02/10/19 A185087 Fact 60195480 Teléfono inalámbrico para Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	31/10/19 A185085 Fact 19696 Plastificadora LM340
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	11/11/19 A306499 FACT GA-G99358/177 1 Gravadora despacho Vicedecano
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	12/11/19 A185094 FACT 09884 2 CPU Tacens H310M I3 8Gb con teclado, ratón. Aula 29 e 22 1 disco SSD 240 Conserxería
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	29/11/19 A306481 FACT F19030392 2 sillas confidente azul 8 sillóns con respaldo alto 2 sillóns confidente giratorio negro
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	03/12/19 A185092 FACT C/09950 2 Proxectores Conserxería 1 Impresora despacho Decana 1 Impresora Conserxería 1 Impresora despacho 122 1 Impresora despacho 129 1 Impresora despacho 113 1 CPU despacho Xestora
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	10/12/19 A306472 FACT C/09963 7 Monitor LG 24MK400h 1 MACBOOK PRO 13" MUHN2Y/A 1 SCANNER BROTHER ADS240ON 3 CPU 13-9100F, SSD 480GB 8 GB RAM 1 ALTAVOCES LOGITECH Z 150
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	19/12/19 A306475 FACT 190000587 1 Destructora de papel grande 1 Cizalla 1 Encuadernadora de espiral
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	26/12/19 A185058 FACT 444 3 Armarios metálicos con portas de persiana e 4 estantes
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	21/10/19 A239368 FACT 49 Substitución de zócalos de linóleo na planta soto e escaleiras da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	28/11/19 A185081 FACT A/62 Unión aulas 24 e 24B da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	28/11/19 A306474 FACT A/60 Arreglo de desconchados e pintura das paredes da Facultade.
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	27/12/19 A306460 FACT A/80 Sellado de canalóns de zinc
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	31/12/19 A228837 FACT 1100324 Cambio de pavimento na Aula de Plástica da Facultade
Fac. Formación do Profesorado	Campus Lugo	03/02/20 A306452 FACT 1100328 Aplicación de barrera de vapor con sistema eponal (pto nº 11000983) no cambio de pavimento na Aula de Plástica.

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Estándar: Os resultados de aprendizaxe alcanzados polos titulados son coherentes co perfil de egreso e correspóndense co nivel do MECES da titulación.

Analizar os resultados de aprendizaxe alcanzados polos estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel do MECES do título.

6.1.- Os estudantes ao finalizar o proceso formativo adquiriron as competencias previstas para o título.

Aspectos a valorar:

- O desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución e valoración dos resultados de aprendizaxe previstos.
- Os resultados de aprendizaxe alcanzados satisfán os obxectivos do programa formativo e adecúanse ao nivel MECES.
- Os resultados de aprendizaxe téñense en conta para a revisión e mellora do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os indicadores dos “Resultados previstos” recollidos no apartado 8 da Memoria de Verificación do Título sinalan a taxa de graduación do 70%, a taxa de eficiencia do 85% e a taxa de abandono do 20%. Os resultados obtidos durante o curso 2019/2020 melloran estas previsións e xustifican unha valoración satisfactoria deste criterio. A taxa de graduación é de 74,33%, incrementando en case dous puntos o dato anterior (72,77%); a taxa de eficiencia (rendemento dos egresados) é do 95,41% tamén nos dous Centros, marcando a mesma tendencia que nos pasados cursos. A taxa de abandono durante o primeiro curso é de 4,40%, o cal supón unha caída importante respecto ao 2018/2019 (12,50%), pola contra a taxa de abandono xeral aumenta ata o 20,32% (16,96% no curso 2019/2020).

A taxa de éxito (porcentaxe de créditos superados respecto dos presentados) foi de 98,83% en Santiago e 96,05 en Lugo. A taxa de rendemento (créditos superados respecto dos matriculados) foi de 93,51% para ambos Campus. A taxa de avaliación (créditos aos que se presentaron sobre créditos matriculados) foi semellante en ambos casos. 95,81% en Santiago e 95,45% en Lugo. Finalmente, a duración media dos estudos é de 4,30 anos, incrementándose en relación ao anterior dato (4,24).

No curso 2019/2020 na Facultade de Ciencias da Educación en Santiago defendéronse un total de 170 TFG, sendo 117 os defendidos na Facultade de Formación do Profesorado en Lugo.

Por último, a taxa de transición de estudantes de grao no curso 2019/2020 aumenta considerablemente ata situarse no 38,29 de media nos dous Centros (24,98 en 2018/2019)

En resumo, os indicadores de resultados de rendemento e éxito dos estudantes demostran que o desenvolvemento das actividades académicas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación e cualificación contribúen á consecución das previsións iniciais da Memoria de verificación do título e amosan un horizonte de traballo positivo

DIMENSIÓN 3. RESULTADOS

CRITERIO 7. INDICADORES DE SATISFACCIÓN E RENDEMENTO:

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos a disposición do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

7.1.- Os principais datos e indicadores do título evolucionan favorablemente de acordo coas características do título.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de demanda.
- Indicadores de resultados.
- Os indicadores téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019/2020 o número de prazas ofertadas foi 194 en total (112 na FCE-Santiago, 82 na FFP-Lugo). A demanda de estudantes para as 82 prazas ofertadas na Facultade de Lugo acadou un total de 512 solicitudes. Para as 112 prazas ofertadas na Facultade de Santiago entregáronse un total de 954 solicitudes.

A matrícula de admitidos en primeiro curso no 2019/2020 acadou a cifra de 127 persoas na FCE-Santiago e de 97 na FFP-Lugo. A nota media de acceso por preinscripción foi de 9,40 (5-14). A matrícula chegou aos 1008 alumnos/as, 399 en Lugo 609 en Santiago. E matrícula de novo ingreso por preinscripción foi de 205, 130 na FCE-Santiago e 75 na FFP-Lugo. A nota media de acceso por preinscripción é de 9,77 (5-14), marcando a nota máis lata nos últimos anos en Santiago de Compostela (10,64) e cunha cualificación moi alta tamén en Lugo (8,44). E a relación de estudantes preincritos en 1ª opción matriculados/as por 1ª vez sobre as prazas ofertadas sitúase no 71,13. Todos estes datos demostran que o perfil formativo e profesional do título xera un gran interese que vén corroborado por unha baixa taxa de abandono tanto no primeiro curso como no resto da titulación, fronte a unha taxa de éxito dun 97,74% dos egresados. As desercións adoitan producirse maiormente no primeiro curso por causas moi variadas que inclúen desde eleccións inadecuadas ata baixo rendemento académico ou non superar o mínimo de créditos. Para garantir a aprendizaxe, ensinanza e avaliación do estudante e non superar a taxa de abandono do 20% prevista na memoria de verificación do título é necesario seguir mellorando os procesos de acollida, tutoría e orientación.

Os datos tamén indican que a actual implementación do plan de estudos está tendo unha boa resposta polo alumnado e profesores. O máis salientable é comprobar que a taxa de graduación acadou un total de 74,33% (80,95% na FFP-Lugo, 70,97% na FCE-Santiago) moi por encima da media USC (58,53%), e que a duración media dos estudos sitúase nos 4,30 anos na titulación (4,41 anos na FCE-Santiago, 4,13 anos na FFP-Lugo) por debaixo da media de 5,06 anos da USC.

7.2.- Os índices de satisfacción dos estudantes, do profesorado, dos egresados e doutros grupos de interese son adecuados.

Aspectos a valorar:

- Indicadores de satisfacción co persoal académico, persoal de apoio, recursos, prácticas externas, proceso formativo, mobilidade, etc.
- Os indicadores de satisfacción téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

No curso 2019/2020 non temos datos en relación a satisfacción do estudiantado e dos titores coas prácticas externas debido a situación producida pola emerxencia sanitaria e o estado de alarma. Polo tanto, faremos referencia ao últimos datos (curso 2018/2019) onde os/as estudantes valoraban dun xeito moi positivo o seu período de prácticas externas. A súa media xeral era de 4,00 (1-5) destacando especialmente as actividades desenvolvidas e a atención tutorial recibida. A duración das prácticas resulta ser pouco axeitada para o alumnado, cunha valoración media de 2,66. En canto á docencia recibida a media rexistraba daquela un valor alto de 3,94 (3,96 na FFP, e 3,91 na FCE). Tampouco temos datos actualizados sobre a satisfacción xeral dos egresados coa titulación, pero no curso 2018/2019 acadaba a media de 3,34 (1-5). Sucede o mesmo cos programas de mobilidade, o resultado de satisfacción dos estudantes saíntes no curso anterior (2018/2019) amosaba unha media dun 3,70 (1-5), e a valoración dos estudantes entrantes era de 3,75 cunha taxa de resposta do 19,69%.

A satisfacción do profesorado coa docencia impartida acada unha media de 4,15 (1-5). Non contamos con datos no 2019/2020 en relación a valoración das prácticas externas, pero no curso anterior este grupo lle asignaba un valor medio de 4,74 (1-5), moi semellante ao que indicaban daquela os titores profesionais (mestres en activo) de 4,31 (1-5), destacando a integración do alumnado no medio de traballo e o grao de cumprimento por parte do alumnado das actividades asignadas.

En canto á oferta formativa destinada tanto para PDI (4,46, 1-5) como para PAS (7,64, 1-10) ambos colectivos amosan unha boa valoración, o que demostra a necesidade de continuar implementando máis cursos e actividades que axuden á mellora da súa actividade profesional.

7.3.- Os valores de inserción laboral dos egresados do título son adecuados ao contexto socio-económico e profesional do título.

Aspectos a valorar:

- Análise dos históricos de resultados existentes nos estudos realizados sobre inserción laboral do título.
- Adecuación da evolución dos indicadores de inserción laboral en función das características do título.
- Os indicadores de inserción laboral téñense en conta para a mellora e revisión do plan de estudos.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Os resultados de inserción laboral do título son moi favorables. Os egresados no curso 2013/2014 (últimos datos dispoñibles) acadan unha boa taxa de ocupación profesional tanto no primeiro como no segundo ano despois de rematar os seus estudos. A taxa de afiliación ascende considerablemente no segundo ano. Aínda que no tipo de contrato non se rexistra diferenzas significativas, o dato máis salientable refírese á xornada laboral pois a adicación de menos de media xornada descende no segundo ano e ese cambio vai en favor da xornada a tempo completo e a de máis de media xornada.

Porén, o dato que indica que o perfil formativo do título adecúase para a súa implementación profesional é o grupo de cotización, pois no segundo ano os egresados aumentan a súa pertenza ao universitario. De feito, xa no primeiro ano algo máis da metade acadan este estatus que consolídase e incrementase considerablemente no seguinte ano no mercado laboral.

Egresados curso 2013/2014	1 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2015)				2 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2016)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	26,3%	9,8%	12,5%	54,0%	40,2%	9,0%	16,4%	72,7%

Egresados curso 2013/2014	3 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2017)				4 año(s) después de egresar (23 de marzo de 2018)			
	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados	Tasa de afiliación	Porcentaje de autónomos	Porcentaje de indefinidos	Grupo de cotización: Titulados
	63,4%	4,1%	14,9%	73,0%	71,1%	3,6%	11,6%	79,0%

Fuente: Variables e indicadores de Seguridad Social. Análisis transversal. SIIU (Ministerio de Educación)

<u>3.MODIFICACIONES DO PLAN DE ESTUDOS</u>	
MODIFICACIÓN	XUSTIFICACIÓN

4. LISTAXE DE EVIDENCIAS E INDICADORES			
Cráterios	Nº	Evidencia / Indicador	Documento/enlace
Todos	E1	Memoria Vixente do título	ACSUG
Todos	E2	Informes de verificación, modificación, seguimento incluíndo os plans de mellora	ACSUG
1	E3	Análise do perfil real de ingreso/egreso	Autoinforme, Criterio 1
1,6	E4	Guías docentes das materias (competencias, actividades formativas, metodoloxías docentes, sistemas de avaliación, resultados de aprendizaxe)	Web do Título
1,3	E5	Actas das reunións celebradas, polo menos dos dous últimos cursos, da Comisión Académica/Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade (as actas deben incorporar un apartado con acordos adoptados en cada reunión)	PDF.Cartafol: EVIDENCIAS_PRIMARIA_INTERCAMPUS
1	E6	Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos	Enlace web ou PDF(a facer pola UAXCD)
1,6	E8	Informes/documentos onde se recollan as conclusións dos procedementos de consulta internos e externos para valorar a relevancia e actualización do perfil de egreso dos estudantes do título/valoración adquisición resultados da aprendizaxe	Autoinforme, Criterios 1 e 6
1,7	I1	Número de estudantes de novo ingreso por curso académico	2502229_P.Ind_2019-2020
			2502229_INF.16_2019-2020
			2502229_INF.CiUG_2019-2020
1	I2	No caso de máster, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia	--
1	I3	Indicadores de mobilidade (Número e porcentaxe de estudantes que participan en programas de mobilidade sobre o total de estudantes matriculados)	2502229_P.Ind_2019-2020
			SIGCAMPUS_INF.03_2019-2020
2	E9	Páxina web da universidade/centro/título (debe ter como mínimo a información referida "Información mínima pública**")	Web da USC
			Web do Centro (Sede 1)
			Web do Centro (Sede 1)
			Web do Título
3	E10	Documentación do SGC (política e obxectivos de calidade, manual e procedementos)	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)

3	E11	Evidencias da implantación dos procedimentos do SGC(procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolvan as directrices do SGC:Política de calidade,Deseño revisión periódica e melloras dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza e avaliación centrados no estudante, Garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información Pública)	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
3,7	E12	Plans de mellora derivados da implantación do SGC	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
3,7	E13	Análise das enquisas de satisfacción (%participación, resultados, evolución,...)	Autoinforme, Criterios 3 e 7 Actas o informes
Todos	I4	Resultados das enquisas de satisfacción de todos os grupos de interese do título	2502229_P.Ind_2019-2020
			2502229_INF.04_2019-2020
			SIGCAMPUS_INF.05_2019-2020
			2502229_INF.06_2019-2020
			2502229_INF.07_2019-2020
			2502229_INF.08_2019-2020
			2502229_INF.09_2019-2020
			SIGCAMPUS_INF.10_2019-2020
			SIGCAMPUS_INF.11_2019-2020
			2502229_INF.13_2019-2020
			2502229_INF.14_2019-2020
			SIGCAMPUS_INF.21_2019-2020
			2502229_INF.22_2019-2020
			2502229_INF.23_2019-2020
2502229_Informe_de_indicadores_2019-2020			
3	I5	Resultados dos indicadores que integran o SGC	2502229_P.Ind_2019-2020
			2502229_Informe_de_indicadores_2019-2020
4	E15	Plan de Ordenación Docente: información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc)	2502229_E15_2019-2020
4	E16	Información sobre o persoal de apoio por Centro (número e cargo/posto desempeñado)	SIGCAMPUS_E16_2019-2020
4	E17	Análise das enquisas de avaliación da docencia (% participación, resultados, evolución, ...)	Autoinforme, Criterio 4 Actas e informes

4	I6	Porcentaxe de participación do profesorado do título en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2019-2020
4	I7	Porcentaxe de participación do PAS do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas	SIGCAMPUS_I6-I7_2019-2020
4	I8	Resultados das enquisas de avaliación da docencia (%participación, resultados, evolución,...)	2502229_INF.13_2019-2020
			2502229_INF.14_2019-2020
4	I10	Indicadores de mobilidade (número e porcentaxe de profesores que participan en programas de mobilidade sobre o total de profesorado do título)	SIGCAMPUS_I10_2019-2020
5	E18	Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
5	E19	Información sobre servicios de orientación académica e programas de acollida	Web do Centro (sede 1)
			Web do Centro (sede 2)
5	E20	Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares ou extracurriculares	Web do Centro (Practicum I) Sede 1 Web do Centro (Practicum II) Sede 1 Web do Centro (Practicum III) Sede 1 Web do Centro (Practicum I) Sede 2
5	I11	Distribución alumnado por centros de prácticas	Web do Centro (Practicum I) Sede 1 Web do Centro (Practicum II) Sede 1 Web do Centro (Practicum III) Sede 1 Web do Centro (Practicum) Sede 2
5	E22	Materiais didácticos e/o tecnolóxicos que permitan unha aprendizaxe a distancia	Campus virtual
6	E24	Listaxe de traballos fin de grao/máster de, al menos, os últimos cursos académicos (título, titor y calificación)	PDF.Cartafol: EVIDENCIAS_PRIMARIA_INTERCAMPUS
6	E25	Informes/listaxe das calificacións de cada unha das materias do título	2502229_INF.15_2019-2020
6	E26	Mecanismos utilizados para a análise da adquisición dos resultados de aprendizaxe	Autoinforme, Criterio 6 Actas o informes
7	E30	Informe/documento onde se recollan os resultados do título (incluídos indicadores inserción laboral e SIIU)	Autoinforme, Criterio 7 Actas o informes
6,7	I12	Indicadores de resultados (estas taxas facilitaranse de forma global para o título. As taxas de rendemento, éxito e avaliación facilitaranse tamen por materia): - Taxa de graduación - Taxa de abandono	2502229_P.Ind_2019-2020
			2502229_INF.17_2019-2020
			2502229_INF.18_2019-2020
			2502229_INF.19_2019-2020

		- Taxa de eficiencia - Taxa de rendimient - Taxa de éxito - Taxa de avaliación	2502229_INF_SIIU_2019-2020 2502229_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	113	Relación da oferta/demanda das prazas de novo ingreso	2502229_P.Ind_2019-2020 2502229_INF.CiUG_2019-2020 2502229_Informe_de_indicadores_2019-2020
7	114	Resultados de inserción laboral	2502229_EIL-SIIU_2019-2020 2502229_EIL-ACSUG_2019-2020
1,4,5	115	Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,.....)	2502229_P.Ind_2019-2020 2502229_Informe_de_indicadores_2019-2020 2502229_MedUSC_cursocelda
*Ver la información pública mínima que debe estar publicada en la web (se encuentra en la guía de seguimiento/acreditación, pag 35).			

ACCIÓN DE MELLORA ABERTAS 20-21

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
Análise causa	Problemática de reparto de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), que afecta á boa marcha dos procedementos.
Definición/ descripción proposta	Implementar instrumentos que faciliten as tarefas de coordinación nos seus distintos niveis.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Paula López Rúa
Tarefa1	AM-MP-1.1
Descrición tarefa	Aplicación dos documentos complementarios e seguemento das directrices establecidas no documento marco de funcións das

	coordinacións: enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, táboas de actividades transversais e protocolo para cambios de grupo interactivo
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos Humanos.Ámbito de aplicación: FFP
Análise causa	Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde.
Definición/ descrición proposta	Esta acción de mellora retómase do curso 2019-20 porque non se puido executar por mor da COVID-19. O que se pretende é aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Tarefa1	AM-MP-2.1
Descrición tarefa	Solicitar á Vicerreitoría correspondente o aumento dun posto de PAS en conserxería en turno de tarde. Responsables: Carmen Sarceda (Decana) e Ana Brao (Xestora do Centro)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito de aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo)
Análise causa	Mellorar a orientación proporcionada ao alumnado de nova incorporación.
Definición/ descripción proposta	Reformulación e mellora da xornada de acollida.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Paula López Rúa
Tarefa1	AM-MP-3.1
Descrición tarefa	Seleccionar e reformular a información proporcionada ao alumnado na xornada de acollida e continuar coa enquisa de satisfacción para os estudantes. Responsables: Santiago López Gómez e Paula López Rúa.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) e Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Necesidade de dispoñer dunha guía do Prácticum actualizada.
Definición/ descrición proposta	Actualizar a guía do Prácticum para axustala á nova organización do mesmo.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-4.1
Descrición tarefa	Actualizar a guía do Prácticum para axustala á nova organización do mesmo. Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE).
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Malia aos avances realizados, cómpre mellorar a coordinación entre as Facultades e os colexios colaboradores. A dispersión dos centros de prácticas e a cantidade de alumnado da titulación dificulta a adecuada relación coas institucións onde se realizan as prácticas.
Definición/ descripción proposta	Manterse en contacto cos titores externos do Prácticum nos centros de prácticas.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-5.1
Descrición tarefa	Manterse en contacto cos titores externos do Prácticum nos centros de prácticas. Responsables: Eva María Barreira Cerqueiras (FFP) e Bibiana Regueiro Fernández (FCE)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Persistencia da escasa participación do alumnado nos programas de mobilidade.
Definición/ descrición proposta	Ampliar a participación do alumnado nos programas de mobilidade.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Otero Varela
Tarefa1	AM-MP-6.1
Descrición tarefa	Informar convenientemente ao alumnado en relación coas actividades organizadas polo Servizo de Relacións Exteriores da USC e os convenios de mobilidade subscritos polos dous centros Responsables: Marta Poncet Souto (FFP) e Martín Leránoz Iglesias (FCE)
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) e Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Definición/ descrición proposta	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para á difusión do coñecemento.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-7.1
Descrición tarefa	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MP-7.2

Descrición tarefa	Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-8 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Necesidade de previr problemas de coordinación en materias impartidas por varios profesores/as
Definición/ descripción proposta	Comunicar formalmente aos decanatos e aos departamentos todas as incidencias que a este respecto se detecten no desenvolvemento da docencia do título. Responsabilizaranse desta acción a coordinación da titulación en ambos centros e as coordinacións de curso
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-8.1
Descrición tarefa	Recollida de incidencias sobre problemas de coordinación docente en materias impartidas por máis dun profesor/a.
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MP-8.2
Descrición tarefa	Traslado das incidencias aos departamentos responsables da docencia das materias afectadas para que se resolvan á menor brevidade posible. Responsables: Carmen Sarceda e Carmen Fernández Morante

Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-9 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Escasa participación do alumnado nas tarefas de orientación académico-profesional que se organizan, á vez que, paradoxalmente, demanda accións deste tipo.
Definición/ descripción proposta	Organizar actividades e/ou estratexias de orientación académico-profesional que dean resposta ás necesidades do alumnado.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-9.1
Descrición tarefa	Organización de xornadas formativas con profesionais en activo e profesorado da Facultade para proporcionar orientación académico-profesional ao alumnado
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MP-9.2
Descrición tarefa	Creación dunha presentación para a orientación académico-profesional do alumnado (mencións, saídas profesionais, etc.) e difusión da mesma a través de redes sociais e/ou recursos web
Data prevista de	30/07/2021

finalización	
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-10 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo) Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Necesidade de analizar o axuste entre a información das guías docentes das materias publicadas na web e a última versión da memoria verificada do título.
Definición/ descrición proposta	Analizar o axuste entre a normativa de programación docente e a información das guías docentes das materias publicadas na web, así como entre estas e a última versión da memoria verificada do título.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-10.1
Descrición tarefa	Comprobar o axuste entre a normativa de programación docente, as guías docentes e a memoria verificada do título
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MP-11 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
Análise causa	Necesidade de mellorar o itinerario formativo do dobre grao procedendo ao cambio de curso de certas materias
Definición/ descrición proposta	Cómpre proceder ao cambio de curso de certas materias do Grao de Primaria para asegurar unha aprendizaxe progresiva e facilitar o acceso a bolsas por parte do alumnado
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Paula López Rúa
Tarefa1	AM-MP-11.1
Descrición tarefa	<p>Proceder ao cambio de curso das materias seguintes do Título de Primaria no itinerario do Dobre Grao, previa solicitude á Vicerreitoría de Titulacións.</p> <p>G3151223 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: Inglés (do 2º semestre do 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)</p> <p>G3151223 Ensino e aprendizaxe de competencias comunicativas: Francés (do 2º semestre do 3º curso ao 2º semestre do 2º curso)</p> <p>G3151424 Traballo Fin de Grao (do 2º semestre de 4º curso ao 2º semestre de 5º curso)</p> <p>Cómpre eliminar do plan de estudos do Dobre Grao o texto: ?Ao remate do 4º curso os estudantes estarán en condicións de obter o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Primaria, de maneira que o 5º curso ofrece os créditos</p>

	<p>necesarios para obter tamén o título de Graduado ou graduada en Mestre de Educación Infantil.? Reemplazarase polo seguinte texto: ?Tal e como se establece na RR de 31/07/2020 sobre desdobre de expedientes de dobres graos na USC, a imputación dos resultados académicos acadados na dobre titulación en cada un dos graos deberá realizarse ao finalizar os estudos do dobre título?.</p> <p>Responsable: Carmen Sarceda Gorgoso</p>
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-12 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos humanos.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
Análise causa	Cómpre dar resposta ás necesidades expresadas polo profesorado de mellorar as súas competencias dixitais para interaccionar nun escenario de docencia semipresencial
Definición/ descripción proposta	Poñer en marcha cursos de formación para os docentes con respecto a contornas virtuais.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Paula López Rúa
Tarefa1	AM-MP-12.1
Descrición tarefa	Poñer en marcha cursos de formación para os docentes relacionados con contornas virtuais: deseño de actividades de aprendizaxe en liña e desenvolvemento de procesos de formación virtual síncrona con Microsoft Teams. Responsable:Carmen Sarceda Gorgoso
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

ACCION DE MELLORA	
Código	AM-MP-13 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Ámbito da aplicación: Facultade de Formación do Profesorado (Lugo).
Análise causa	Necesidade de recoller información sobre o desenvolvemento das prácticas nos centros para axustar e mellorar os procesos formativos do Prácticum.
Definición/ descrición proposta	Crear un foro de intercambio de experiencias cos titores externos do Prácticum.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Paula López Rúa
Tarefa1	AM-MP-13.1
Descrición tarefa	Crear un foro de intercambio de experiencias cos titores externos do Prácticum. Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso, Eva M ^a Barreira Cerqueiras
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Activa

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-15 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2020-2021)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e desenvolvemento.Facultade de Ciencias da Educación (Santiago).
Análise causa	Necesidade de establecer un marco institucional na Facultade de Ciencias da Educación, para a acollida e atención do alumnado, tanto a nivel académico como persoal.
Definición/ descripción proposta	Creación dun Plan de Acción Titorial da Facultade - PAT.
Datas	Finalización: 30/07/2021; Inicio: 01/09/2020
Estado/Eficacia	Estado: Activa; Eficacia : --
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Tarefa1	AM-MP-15.1
Descrición tarefa	Organización dun curso para a elaboración do PAT
Data prevista de finalización	30/07/2021
Responsable	Lorena Casal Otero
Estado	Activa
Tarefa2	AM-MP-15.2
Descrición tarefa	Creación dun documento marco de PAT a nivel centro, e un documento específico, con accións concretas, a nivel título. Responsables: Alexandre Sotelino Losada e coordinacións de curso
Data prevista de finalización	13/04/2021
Responsable	Lorena Casal Otero

Estado	Activa
--------	--------

ACCIÓNS DE MELLORA PECHADAS 19-20

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: FFP-FCE
Análise causa	Problemática de reparto de funcións entre os diferentes tipos de coordinación (título, curso e materia), que afecta á boa marcha dos procedementos.
Definición/ descrición proposta	Delimitar as funcións das coordinacións de materia, curso e título para evitar duplicidades, e deseñar e implementar instrumentos que faciliten as súas tarefas. Responsabilizaranse desta proposta o decanato e as coordinacións de título. Responsables: Santiago López Gómez, Marta Poncet Souto e Paula López Rúa
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	Santiago López Gómez; Marta Poncet Souto; Alejandro Sotelino Losada; Cecilia María Portela López
Comprobación Acción	AM-MP-1 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	A acción de mellora completouse tal e como se pode ver na comprobación das súas tarefas.

Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-1.1
Descrición tarefa	Elaboración de documento marco de distribución de funcións das distintas coordinacións Responsables: Santiago López Gómez, Marta Poncet Souto e Paula López Rúa
Data prevista de finalización	31/03/2020
Responsable	Santiago López Gómez; Marta Poncet Souto
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-1.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Na FFP-Lugo, o equipo Decanal e os coordinadores dos títulos de Infantil e Primaria elaboraron un documento marco onde se delimitan as funcións das diferentes coordinacións (materia, curso e título), contando coa colaboración dos coordinadores de curso. (Arquivo: Evid_AM1_T1.1.pdf)
Data Comprobación	10/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MP-1.2
Descrición tarefa	Deseño de instrumentos que faciliten a coordinación nos seus distintos niveis: enquisa de coordinación de materias do semestre para o alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias, táboas de actividades transversais e

	<p>protocolo para cambios de grupo interactivo.</p> <p>Responsables: Santiago López Gómez, Marta Poncet Souto e Paula López Rúa</p>
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Marta Poncet Souto; Santiago López Gómez
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-1.2. Comprobación N.º. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, o documento marco acompáñase dunha serie de documentos e directrices para facilitar os labores de coordinación nos seus diferentes niveis: enquisa de coordinación de materias do semestre destinada ao alumnado, listaxe de control para a revisión de programas das materias por parte das coordinacións, táboas de actividades transversais e protocolo para cambios de grupo interactivo (Arquivo: Evid_AM1_T2.1.pdf)</p>
Data Comprobación	10/04/2021
Incidencias	Reformular tarefa para o curso 20-21: implementar instrumentos que faciliten as tarefas de coordinación nos seus distintos niveis.
Axustes/Novas Tareas	Manter para o curso 20-21 como AM-MP-1.1
Tarefa3	AM-MP-1.3
Descrición tarefa	<p>Organización dunha xornada de coordinación entre o profesorado dos Graos de Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación para explicar proxectos, iniciativas, metodoloxías, prácticas utilizadas nas diferentes materias, co fin de procurar a creación de redes de colaboración</p> <p>Responsables: Alexandre Sotelino Losada e Cecilia Portela López</p>
Data prevista de	05/09/2019

finalización	
Responsable	Alejandro Sotelino Losada; Cecilia María Portela López
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-1.3. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	Organización dunha xornada de coordinación entre o profesorado dos Graos de Mestre de Educación Infantil e Mestre de Educación Primaria da Facultade de Ciencias da Educación para explicar proxectos, iniciativas, metodoloxías, prácticas utilizadas nas diferentes materias, co fin de procurar a creación de redes de colaboración. (Arquivo: AM1T1.3_Evid_1_FCE.rar)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	Reformular tarefa para o curso 20-21: procurar novas dinámicas de intercambio para o coñecemento de proxectos a nivel interno.
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 4. Recursos Humanos.Ámbito da aplicación: FFP
Análise causa	Insuficiencia de persoal en conserxería en quenda de tarde.
Definición/ descrición proposta	Aumentar unha persoa na conserxería do centro en quenda de tarde. Responsable: Carmen Sarceda Gorgoso
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MP-2 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Por mor da suspensión da actividade académica presencial e as necesidades de reorganización docente non se pudo acometer esta acción de mellora.
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-2.1
Descrición tarefa	(FFP) Solicitar á Xerencia un posto máis de conserxería en quenda de tarde. Responsable: Carmen Sarceda Gorgoso
Data prevista de	31/07/2020

finalización	
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Non Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-2.1. Comprobación N.º 1
Descrición Comprobación	Esta tarefa queda pendente para o curso seguinte, xa que por mor da crise sanitaria derivada do Covid-19 non foi posible completar a tramitación da solicitude.
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	Por mor da pandemia da COVID-19 non se puido levar a cabo esta tarefa.
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 5. Recursos Materiais e Servizos.Ámbito da aplicación: FFP-FCE
Análise causa	Mellorar a orientación proporcionada ao alumnado de nova incorporación
Definición/ descrición proposta	Reformulación e mellora do procedemento da xornada de acollida Responsables: Santiago López Gómez, Marta Poncet Souto, Alexandre Sotelino Losada e Paula López Rúa
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 13/04/2021
Responsables	Santiago López Gómez; Marta Poncet Souto; Alejandro Sotelino Losada
Comprobación Acción	AM-MP-3 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Acción de mellora completada, con éxito, tal e como se pode observar na comprobación das súas tarefas. Esta acción de mellora terá continuidade no curso 2020-21
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa1	AM-MP-3.1
Descrición tarefa	Seleccionar e reformular a información proporcionada ao alumnado na xornada de acollida e poñer en marcha unha

	<p>enquisa de satisfacción para os estudantes.</p> <p>Responsables: Paula López Rúa e Alexandre Sotelino Losada</p>
Data prevista de finalización	13/09/2019
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-3.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo procedeuse a redeseñar a xornada de acollida para o alumnado de primeiro curso, planificándose as actividades en dúas xornadas e seleccionando e redistribuíndo a información proporcionada. Ademais, o alumnado cubriu unha enquisa de satisfacción, obténdose resultados altamente positivos (nunha escala de 1 a 4, as respostas obtidas encádranse nas puntuacións 3 e 4 (bastante ou moi satisfeito). Os comentarios realizados polo alumnado apuntan á necesidade de mellorar certos aspectos da xornada, procedendo a unha nova reformulación cara ao curso seguinte. (Arquivo: AM3T3.1_Evid_FFP.rar)</p>
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa2	AM-MP-3.2
Descrición tarefa	<p>(FCE)</p> <p>Creación de protocolo de acollida no marco dun Plan de Acción Titorial para alumnado de novo ingreso.</p> <p>Responsable: Alexandre Sotelino Losada</p>
Data prevista de finalización	13/09/2019

Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-3.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Na FCE de Santiago de Compostela comezouse a elaborar o Plan de Acción Titorial- PAT onde se inclúen as indicacións oportunas para o desenvolvemento da Xornada de Acollida a alumnado de novo ingreso. Cabe sinalar que esta é unha acción de continuidade dado que se consolidará no vindeiro curso. (Arquivo: AM3T3.2_Evid_FCE.pdf)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tareas	--
Tarefa3	AM-MP-3.3
Descrición tarefa	(FCE) Creación dun Buzón de Suxerencias Virtual para achegas realizadas por parte do alumnado.
Data prevista de finalización	16/09/2019
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-3.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Na aula de coordinación do Campus Virtual habilitouse un Buzón de achegas e suxestións para que tanto alumnado como profesorado podan facer chegar as súas propostas de mellora, queixas, ou comentarios en xeral. (Arquivo: AM3T3.1_Evid_FFP.rar)
Data	13/04/2021

Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: FFP-FC
Análise causa	Suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria da COVID-19
Definición/ descricao proposta	<p>Cómpre asegurar o cumprimento das obrigas docentes nestas circunstancias excepcionais e a adquisición por parte do alumnado das competencias previstas; verificar se o profesorado ten activa un aula virtual, se adaptou as súas guías docentes en canto a contidos, planificación, metodoloxía, bibliografía e avaliación, se desenvolveu materiais para a docencia en remoto, se emprega ferramentas para o ensino virtual e se mantén abertas canles de comunicación co alumnado e continúa coa súa función titorial.</p> <p>Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso, Alexandre Sotelino Losada e Paula López Rúa</p>
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 13/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Comprobación Acción	AM-MP-4 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Acción de mellora executada con éxito tal e como pode observarse na comprobación das súas tarefas. Considérase vital para a titulación e por iso, ampliarase no curso 2020-21.
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--

Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-4.1
Descrición tarefa	<p>Elaboración de informes por parte dos coordinadores de título que dean conta do cumprimento das obrigas docentes e aseguren a adquisición das competencias previstas para o alumnado.</p> <p>Responsable: Paula López Rúa e Alexandre Sotelino Losada</p>
Data prevista de finalización	16/04/2020
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-4.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, a coordinadora do título elaborou un informe, con resultado favorable, no que se verificaba o cumprimento das obrigas docentes polo que respecta aos seguintes aspectos: verificar se o profesorado ten activa un aula virtual, se adaptou as súas guías docentes en canto a contidos, planificación, metodoloxía, bibliografía e avaliación, se desenvolveu materiais para a docencia en remoto, se emprega ferramentas para o ensino virtual, e se mantén abertas canles de comunicación co alumnado e continúa coa súa función titorial.</p> <p>Tamén na FCE-Santiago, o coordinador tivo que elaborar un informe, verificando as cuestións anteriormente citadas. Para a recollida de datos utilizouse o cuestionario habilitado desde Decanato para o conxunto de titulacións, e que foi cuberto polo profesorado, asemade tamén se revisaron as aulas virtuais e se fixo un seguemento da docencia virtual. (Arquivo: AM4T4.1_Evid_1_FFP-FCE.rar)</p>
Data Comprobación	13/04/2021

Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MP-4.2
Descrición tarefa	(FCE) Cuestionario para o profesorado da facultade sobre o desenvolvemento da docencia en remoto. Responsable: Alexandre Sotelino Losada
Data prevista de finalización	22/04/2020
Responsable	Alejandro Sotelino Losada
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-4.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Tanto na FCE-Santiago como na FFP-Lugo, procedeuse á administración dun cuestionario ao profesorado sobre o desenvolvemento da docencia en remoto, con resultados satisfactorios. (Arquivo: AM4T4.2_Evid_1_FFP-FCE.rar)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-MP-4.3
Descrición tarefa	(FCE)Cuestionario para o profesorado da facultade sobre as súas necesidades de avaliación (probas presenciais, non presenciais ou avaliación continua). Responsable: Alexandre Sotelino Losada
Data prevista de finalización	24/04/2020
Responsable	Alejandro Sotelino Losada

Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-4.3. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	<p>Na FFP-Lugo, procedeuse á administración dun cuestionario ao profesorado para comprobar as súas necesidades con respecto á avaliación (probas presenciais, non presenciais ou avaliación continua) e poder dese xeito planificar a realización das probas e xestionar os recursos humanos e materiais necesarios para que as probas de avaliación tiveran lugar sen incidencias destacables. (URL:</p> <p>https://forms.office.com/Pages/DesignPage.aspx#FormId=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe-cWgSh3eWRBmliPhhDgcnFUQ0JGSE1XNklSQVBENDRSOU5LNkIPSIY0MS4u&Token=99045fa6809142ddb7df78ca6c2f2b7c)</p>
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento. Ámbito da aplicación: FFP-FCE
Análise causa	Suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria da COVID-19
Definición/ descripción proposta	Cómpre coñecer as necesidades do alumnado e a súa problemática á hora de continuar coas actividades docentes en remoto e á hora de realizar actividades de avaliación non presencial. Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso e Carmen Fernández Morante
Datas	Finalización: 17/04/2020; Inicio: 16/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MP-5 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Compleouse, con éxito esta acción de mellora, tal e como pode comprobarse na xustificación da súa tarefa.
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-5.1
Descrición tarefa	Cuestionario de dispoñibilidade de medios e recursos tecnolóxicos do alumnado da Facultade.

	Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso e Carmen Fernández Morante
Data prevista de finalización	17/04/2020
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-5.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	En ambas Facultades procedeuse á administración dun cuestionario ao alumnado da Facultade sobre a súa dispoñibilidade de medios e recursos tecnolóxicos para continuar coas actividades docentes en remoto e á hora de realizar actividades de avaliación non presencial. Isto permitiu solucionar as problemáticas detectadas antes do proceso de avaliación. (URL: https://forms.office.com/Pages/DesignPage.aspx#FormId=LEUNj6S3ZEm4Elw5c3RHe-cWgSh3eWRBmliPhhDqcnFUNkE1UIU5MzhCMTITV09EWjBLRDJGWTWVOC4u&Token=39b378f0a93340bd8d49abd7a8bb3fe3)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Propostas de Mellora
Ámbito de aplicación	Criterio 1. Organización e Desenvolvemento.Ámbito da aplicación: FFP-FCE
Análise causa	Suspensión da docencia presencial pola crise sanitaria da COVID-19.
Definición/ descrición proposta	Necesidade de proporcionar formación e recursos ao profesorado para continuar coa docencia e a avaliación de xeito non presencial. Responsables: Carmen Sarceda Gorgoso e Carmen Fernández Morante
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 16/03/2020
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	María Carmen Sarceda Gorgoso
Comprobación Acción	AM-MP-6 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Acción de mellora conseguida, tal e como se espón na comprobación das diferentes tarefas.
Data Comprobación	15/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-6.1
Descrición tarefa	(FFP - FCE) Actividades formativas sobre uso do manexo do Campus Virtual para implementar procesos de avaliación. Responsables: Pablo C. Muñoz Carril e Carmen Fernández

	Morante
Data prevista de finalización	29/05/2020
Responsable	Pablo César Muñoz Carril
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-6.1. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Nas Facultade de Lugo e Santiago de Compostela leváronse a cabo diferentes cursos dirixidos ao profesorado sobre o manexo do Campus Virtual, no cal se proporcionaron información e recursos para desenvolver a docencia e a avaliación de xeito non presencial. (Arquivo: AM6T6.1_Evid_1_FFP-FCE.rar)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MP-6.2
Descrición tarefa	(FCE) Curso sobre a realización de actividades para un Plan de Acción Titorial ?PAT. Responsables: María José Méndez Lois e Carmen Fernández Morante
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	María José Méndez Lois
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-6.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Na Facultade de Santiago de Compostela, organizouse un curso formativo recoñecido polo PFID da propia institución, onde se sentaron as bases para a elaboración dun Plan de Acción

	Titorial. A citada formación foi impartida por Vicenta Eloína García Félix da Universidad Politécnica de Valencia e tivo unha duración de 11 horas. (Arquivo: AM6T6.2_Evid_1_FCE.pdf)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa3	AM-MP-6.3
Descrición tarefa	(FCE) Creación de Espazos-Aulas Virtuais específicos para uso por profesorado e alumnado durante o periodo de docencia non presencial. Responsable: Carmen Fernández Morante
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	María Carmen Sarceda Gorgoso
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-6.3. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	Na Facultade de Ciencias da Educación, habilitáronse diferentes espazos virtuais utilizando a ferramenta virtual LifeSize, as cales diversificaron a oferta da propia USC, e ampliaron as posibilidades docentes, e mesmo para establecer xuntanzas entre profesorado e/ou alumnado. (Arquivo: AM6T6.3_Evid_1_FCE.pdf)
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--

<u>ACCION DE MELLORA</u>	
Código	AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS (Curso 2019-2020)
Orixe	Informe de Seguimento
Ámbito de aplicación	Criterio 7. Indicadores de satisfacción e rendemento.Ámbito da aplicación: FFP-FC
Análise causa	Incentivar a participación do profesorado da titulación nas convocatorias anuais da USC relativas a proxectos de innovación educativa coas TIC e de Aprendizaxe-Servizo (ApS).
Definición/ descrición proposta	Necesidade de adoptar metodoloxías educativas que integren os procesos de ensino-aprendizaxe coa relación de tarefas ao servizo á comunidade e apoiar as actividades docentes de carácter presencial mediadas polas TIC para á difusión do coñecemento. Responsables: Paula López Rúa (FFP) e Alexandre Sotelino Losada (FCE)
Datas	Finalización: 31/07/2020; Inicio: 02/09/2019
Estado/Eficacia	Estado: Finalizada; Eficacia : Eficaz; Data Estado: 19/04/2021
Responsables	Alejandro Sotelino Losada
Comprobación Acción	AM-MP-7 - Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria (S)- INTERCAMPUS
Descrición Comprobación	Como se c; pode observar na comprobación das tarefas, a acción de mellora completouse de maneira exitosa.
Data Comprobación	13/04/2021
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa1	AM-MP-7.1

Descrición tarefa	<p>(FFP-FC) Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) nalgunha das diferentes modalidades establecidas na convocatoria de proxectos de innovación educativa en MOOC e de apoio das TIC á docencia da USC.</p> <p>Responsables: Paula López Rúa (FFP) e Alexandre Sotelino Losada (FCE)</p>
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-7.1. Comprobación N°. 1
Descrición Comprobación	<p>Diversos docentes da FFP-Lugo e da FCE-Santiago involucráronse nestes proxectos. Os proxectos concedidos pola USC a docentes da FFP-Lugo no curso 19-20 foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fiuza Asorey, María José: Eliminando barreiras e creando pancas para a plena inclusión. - Muñoz Carril, Pablo César: Guía-web para a prevención da nomofobia e do uso abusivo do móbil dirixida ás familias e á comunidade <p>Os proxectos concedidos na FCE-Santiago no curso 19-20 foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Fernández de la Iglesia, Josefa del Carmen: DoaVida_USC: Educación para a Saúde, formación e sensibilización cara a hemodoazón - Rodríguez Fernández, José Eugenio: A cultura lúdica e musical a través do xogo tradicional. - Santos Rego, Miguel A.: C-ApS-ulas formativas: acción e innovación na Universidade. (Arquivo: AM7T71~1.PDF)
Data	13/04/2021

Comprobación	
Incidencias	--
Axustes/Novas Tarefas	--
Tarefa2	AM-MP-7.2
Descrición tarefa	(FFP-FC) Informar e animar aos docentes da titulación a que participen (de xeito individual ou colaborativo) en Proxectos de innovación en Aprendizaxe-Servizo (ApS). Responsables: Paula López Rúa (FFP) e Alexandre Sotelino Losada (FCE)
Data prevista de finalización	31/07/2020
Responsable	Paula López Rúa
Estado	Executada
Comprobación Tarefa	AM-MP-7.2. Comprobación Nº. 1
Descrición Comprobación	<p>Diversos docentes das Facultade de Santiago e Lugo involucráronse nestes proxectos ApS. Os proxectos concedidos pola USC a docentes da Facultade de Formación do Profesorado de Lugo durante o curso 19-20 foron os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Muñoz Carril, Pablo César: A creación de materiais educativos multimedia a través da ferramenta EdiLIM: pímulas formativas de apoio para o alumnado dos Graos de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria - Caldeiro Pedreira, María del Carmen: Proxecto GloTIC: Creación dun Glosario Colaborativo en liña sobre tecnoloxía educativa para a mellora da competencia informacional dos futuros estres/as de Educación Primaria. <p>No caso da Facultade de Ciencias da Educación de Santiago os proxectos de ApS concedidos foron:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Longueira Matos, Silvana: Meta 4.7. Educación para o

	<p>desenvolvemento sostible fronte os retos globais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Sotelino Losada, Alexandre: Construindo a historia da educación en Galicia - Zas Varela, Luz: Trebellando coas linguas - Domínguez Lloria, Sara: Proxecto Boomerang. Proxectos artísticos musicais dende a universidade á comunidade - Franco Vázquez, Carmen: Recuperando as tradicións a través da música e da arte - Gutiérrez Moar, María del Carmen: Biblioteca inclusiva: obradoiro afectivo-emocional na Formación Profesional Básica (FPB) - Rodríguez Fernández, José Eugenio: Proxecto EXCORAS: aprendizaxe experiencial a través do movemento na Educación Infantil - Santos Rego, Miguel A.: PEINAS - Pedagogía Intercultural e Aprendizaxe-Servizo - Teijeiro Boo, Yésica: Maletas de Emerxencias Pedagóxicas: Materiais Didácticos en Aulas Hospitalarias (Arquivo: AM7T72~1.PDF)
<p>Data Comprobación</p>	<p>13/04/2021</p>
<p>Incidencias</p>	<p>--</p>
<p>Axustes/Novas Tarefas</p>	<p>--</p>



FACULTADE DE FORMACIÓN DO PROFESORADO (LUGO)

ADENDA ao Autoinforme de Seguimento do Título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria do curso 2019-2020

Documento elaborado por Paula López Rúa (coordinadora do título de Primaria)

CONTIDOS

0. Limiar

1. Datos do Grao

2. Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensino presencial

3. Indicacións de actuacións e accións de coordinación

4. Adaptación das programacións docentes

5. Adaptacións do Prácticum II e o TFG

6. Comunicacións ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.

7. Comunicacións ao profesorado

8. Reunións de comisións e profesorado

9. Enquisas

10. Revisión dos programas do curso 2020-2021

11. Cualificacións do alumnado no curso 2019-2020

12. ANEXOS

I. Comunicacións ao alumnado

II. Reunións sobre o Prácticum

III. Reunións sobre o TFG

IV. Outras reunións

V. Informes sobre as cualificacións do alumnado

0. Limiar

Debido á crise sanitaria provocada polo COVID-19 e ao decreto do Estado de Alarma, suspendeuse o ensino presencial dende o 14 de marzo de 2020. Esta suspensión fixo que Centros e Titulacións realizaran modificacións e puxeran en marcha iniciativas para adaptarse á nova situación. Estes cambios e actuacións recóllense nunha serie de accións de mellora executadas durante o curso 2019-20, xunto con outro tipo de iniciativas e actividades que contribuíron ao desenvolvemento do curso sen incidencias destacables, e das que se informa de xeito complementario no presente documento.

1. Datos do Grao

Denominación do título	Grao en Mestre ou Mestra de Educación Primaria
Mencións/Especialidades (FFP)	<ul style="list-style-type: none">• Lingua Estranxeira: Inglés• Audición e Linguaxe• Educación Física• Dirección e Xestión de Centros
Universidade responsable administrativa	Universidade de Santiago de Compostela
Centro	Facultade de Formación do Profesorado
Rama de coñecemento	Ciencias Sociais e Xurídicas
Número de créditos	240 ECTS
Modalidade de impartición	Presencial
Curso de implantación	2010/2011

NOTA: No Grao de Mestre/a en Educación Primaria e no Grao de Mestre/a en Educación Infantil hai materias que corresponden ao Dobre Grao de Mestre/a en Educación Infantil e Primaria. As adaptacións feitas son válidas para os Graos e o Dobre Grao.

2. Informe sobre as modificacións das materias do título por mor da suspensión do ensino presencial

A Facultade de Formación do Profesorado conta con catro titulacións: Grao en Mestre/a de Educación Infantil, Grao en Mestre/a de Educación Primaria, Máster en Profesorado de Educación Secundaria e Máster en Dirección de Actividades Educativas na Natureza.

Neste informe presentase a información detallada das materias do segundo semestre do título de Grao en Mestre/a de Educación Primaria polo que respecta á existencia de aula virtual activa, modificación do programa, metodoloxías e ferramentas empregadas para a docencia virtual, e canle o procedemento para a comunicación co alumnado.

Dun xeito global, a situación do título é a seguinte:

- 1) Todas as materias contan con Aula Virtual.
- 2) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen introducidas as modificacións no programa, e nunha o profesor indica ter enviado as modificacións ao departamento.
- 3) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma teñen materiais para a docencia en remoto.
- 4) Todas as materias con docencia despois da declaración do estado de alarma realizan titorías virtuais. Aínda que algúns docentes indican que non as realizan, isto débese a que entenden como titorías virtuais as titorías programadas, pero están atendendo ao alumnado a través de diferentes ferramentas
- 5) O correo electrónico, o Campus virtual, Skype empresarial, Teams, Whatsapp, Kahoot, Camtasia Studio, Hangouts, e teléfono son os medios de comunicación co alumnado.

Este informe foi elaborado a partir dos datos enviados dende a Vicerreitoría de Titulacións e Captación Internacional e os propios da Facultade obtidos a través de enquisas ao profesorado (ver apartado 9), e informouse del aos departamentos implicados nas materias analizadas

Informe de coordinación da titulación do Grao de Mestre/a en EDUCACIÓN PRIMARIA sobre o cumprimento de obrigas para a docencia non presencial das materias do 2º semestre do curso 2019/20

1º CURSO

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151106	Psicoloxía do Desenvolvemento (6-12 anos)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ
G3151107	Dificultades de Aprendizaxe e Trastornos do Desenvolvemento	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151108	Escola, Comunidade e TIC	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Grabacións video-presentacións, Campus Virtual	SÍ
G3151120	Ensin e Aprendizaxe de Linguas en contextos Multilingües	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151122	Fundamentos da Educación Física	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ

2º CURSO

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151121	Ensinanza e Aprendizaxe da Aritmética	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
3151223	Ensin e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Inglés)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ
G3151224	Ensin e Aprendizaxe de Competencias Comunicativas (Francés)	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151226	Ensin e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais I	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Primaria 2019-2020: FFP (Lugo)

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151228	Ensin e Aprendizaxe das Ciencias Sociais I	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151328	Música na Educación Primaria	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ

3º CURSO

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151227	Ensin e Aprendizaxe da Xeometría	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, Faststone	SÍ
G3151323	Educación Visual e Plástica II: Procesos e Proxectos Artísticos (1)						
G3151441	Educación en Contextos Rurais	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, Teams, correo-e	SÍ
G3151448	Educación Emocional	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ
G3151449	Educación en Valores e Cidadanía	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual	SÍ
G3151451	Historia, Patrimonio e Educación en Galicia	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151452	Lingua Galega para a Docencia	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ
G3151453	Titoría e Orientación Educativa	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, Hangouts, Teams, correo-e	SÍ
G3151445	Teoloxía Católica e a súa Pedagogía (2)						
G3151460	Inglés: Comprensión e Expresión Escrita	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, Correo-e	SÍ
G3151461	Inglés: Comprensión e Expresión Oral	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, Correo-e	SÍ
G3151330	A Calidade nos Centros Escolares	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	NON ⁽³⁾
G3151331	Dirección de Centros Escolares	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Hangouts, Teams, correo-e	NON ⁽³⁾
G3151468	Xogos Populares e Xogos Regulados en Educación Primaria	SÍ	SÍ	SÍ	SÍ	Campus Virtual, correo-e	SÍ

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Primaria 2019-2020: FFP (Lugo)

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151469	Actividades Motrices e Recreativas na Natureza	Sí	Sí	Sí	Sí	Campus Virtual, correo-e	Sí
G3151480	Trastornos da Linguaxe, Fala e Voz na Infancia	Sí	Sí	Sí	Sí	Campus Virtual, Teams	Sí
G3151481	Detección e Avaliación dos Problemas da Linguaxe na Infancia	Sí	Sí	Sí	Sí	Campus Virtual, correo-e	Sí

- (1) A materia atópase actualmente sen docente responsable. Outro docente do departamento está a atender ás tarefas máis urxentes. Contactouse co Departamento implicado para solventar a situación.
- (2) Materia común a Primaria e Infantil. A enquisa enviouse a Infantil.
- (3) A docente non especifica a realización de titorías virtuais pero mantén abertas canles de comunicación co alumnado.

4º CURSO

Código	Nome	Aula Virtual activa	Guía Docente Adaptada	Materiais docencia en remoto	Canles comunicación alumnado	Ferramentas empregadas	Realización de titorías virtuais
G3151492	Prácticum II	Sí	Sí	Depende do que cada supervisor considere pertinente	Sí (Supervisores)	Teams, correo-e, teléfono, Aula CESGA	Sí (Supervisores)
G3151424	TFG O sistema non permite facer modificacións no programa	Sí	NON	Depende do que cada titor considere pertinente	Sí (Titores)	Hangouts, Teams, Skype, correo-e, teléfono	Sí (Titores)

3. Indicacións de actuacións e accións de coordinación

EDUCACIÓN PRIMARIA

- **Indicación das actuacións levadas a cabo en relación con aquelas materias das que non se dispón de ningunha información ou das que se ten constancia de que non se está a realizar ningunha actividade.**

Todas as materias do Grao están a realizar as adaptacións precisas para poder desenvolver a docencia de xeito non presencial. No caso da materia sen docente, estanse a tomar as medidas oportunas para solventar a situación á maior brevidade.

No que concerne ao Prácticum e TFG, mantéñense as liñas de actuación que xa se ían desenvolver (atención virtual ao alumnado, que en circunstancias normais se atoparía de prácticas nos centros).

- **Indicación das accións de coordinación que se estean a desenvolver para garantir unha distribución proporcionada das tarefas que se lle piden aos estudantes nas distintas materias pertencentes a un mesmo curso.**

A nivel interno da Facultade solicitouse información sobre as accións para a docencia non presencial desenvolvidas por cada docente (materiais, planificación e contacto co alumnado), recibíndose unha resposta en xeral satisfactoria.

Enviarase un correo informativo ao profesorado, ben dende o Decanato, a coordinación de título ou as coordinacións de curso, suxerindo un encargo razoable de tarefas non presenciais ao alumnado.

4. Adaptacións das programacións docentes

Tendo en conta as diversas Resolucións Rectorais e Instrucións da Secretaría Xeral da USC, dende a titulación do Grao de Mestre/a de Educación Primaria da FFP realizáronse as diversas modificacións solicitadas nos programas ou guías docentes, de cara a súa adaptación á nova realidade derivada da suspensión da docencia presencial.

Os cambios realizados poden verificarse no apartado de “Observacións” dos respectivos programas das materias do 2º cuatrimestre a través da seguinte ligazón:

- FFP, Educación Primaria:

<https://www.usc.gal/gl/centros/ffp/titulacions.html?plan=14072&estudio=16982&codEstudio=16336&valor=9&orde=true&ano=70>

5. Adaptacións do Prácticum II e o TFG

Como materias de características especiais, o Prácticum e o TFG requiren dun apartado específico para dar conta das súas adaptacións á situación xenerada polo COVID-19.

En relación ás accións realizadas no Prácticum, tanto de Primaria como de Infantil, as sesións previstas de seguimento e reflexión leváronse a cabo por parte dos supervisores de xeito virtual (correo USC, *Teams*, etc.) sen incidencias. Polo que respecta á avaliación, seguíronse as recomendacións da Conferencia de Decanos de Educación (<http://www.conferenciadecanoseducacion.es/wp-content/uploads/2020/04/1-guia-code-actividades-adaptadas-pde-g-inf-prim-m-sec.pdf>) para a adaptación do Prácticum á situación excepcional provocada pola COVID. Neste caso, situámonos no Escenario 1, e como actividades complementarias propuxéronse, coa flexibilidade necesaria, as seguintes: AC1a; AC1b; en relación co apartado "3) *En relación con las Actividades de intervención guiada o autónoma*", de maneira xeral, combináronse todas as opcións, pero focalizouse sobre todo na AC3a. As necesarias modificacións da materia debatéronse e acordáronse en sucesivas reunións da Comisión do Prácticum e TFG e reunións das coordinacións cos supervisores do Prácticum (ver Apartado 8 . Evidencias en Anexo II).

En liñas xerais, acordáronse as seguintes modificacións:

1. Nas memorias, priorizar o deseño e a planificación da proposta, así como o seu carácter innovador, fronte á posta en práctica. Asimesmo, aproveitando a situación de non presencialidade, tanto no prácticum de Primaria como no de Infantil ínstase ao alumnado a adaptar a súa proposta docente a un escenario de ensino-aprendizaxe non presencial sempre que sexa posible.
2. Manter a data de entrega da memoria e contactar co profesorado titor para o envío por correo electrónico ao profesorado supervisor dos informes de avaliación do alumnado. Sobre o procedemento de entrega das memorias, habilitouse un espazo na páxina da materia no Campus virtual para que o alumnado subise as súas memorias, e outra sección para as cualificacións nas dúas oportunidades da convocatoria.

Con respecto ao TFG, a titorización do alumnado continuou durante o periodo de docencia non presencial a través de mecanismos virtuais (correo USC, Teams, etc.) tamén sen incidencias.

Polo que concerne á avaliación, nas correspondentes xuntanzas da Comisión de Prácticum e TFG (véxase Apartado 8. Evidencias en Anexo III) tomáronse as decisións de adiar os prazos de solicitude de defensa, entrega de traballos e defensas, así como de que fosen os respectivos titores dos TFGs os que se encargasen da avaliación de todos os traballos titorizados, empregando para a defensa mecanismos virtuais (plataforma *Teams*). Habilitouse asimesmo un espazo na páxina da materia no Campus Virtual para a publicación das actas individualizadas de cualificación dos TFGs. As matrículas de honra outorgáronse tendo en conta a cualificación obtida no TFG e, como criterio auxiliar no caso de haber máis candidatos que matrículas, a nota media do expediente.

6. Comunicacóns ao alumnado: avisos, axudas, actividades, etc.

Durante todo o periodo lectivo no que se viu interrompida a docencia presencial e ata a fin do curso (xullo 2020) mantívose a comunicación co alumnado dos diferentes cursos do título mediante o emprego do foro de novas do Campus Virtual por parte dos coordinadores de curso e título, que empregaron esta ferramenta para o envío de mensaxes de distinta natureza: avisos do Decanato e das coordinacións, axudas dispoñibles para o alumnado, peticións de participación en enquisas, anuncios de actividades programadas que continuaron a facerse de xeito virtual (orientación laboral, sesión informativa sobre as mencións, orientación sobre o Prácticum), etc., tal e como se reflicte na seguinte táboa-resumo (ver evidencias no Anexo I). Por outra banda, o equipo decanal tivo unha reunión con representantes do alumnado para aclarar cuestións sobre a marcha do curso, as prácticas, os TFGs, e os procedementos de avaliación.

Destinatarios	Data	Asunto
Alumnado do Grao de Primaria	26/03/2020	Comunicación do Decanato sobre a COVID-19
Alumnado do Grao de Primaria	26/03/2020	Comunicación de problemas por parte do grupo/clase
Alumnado do Grao de Primaria	30/03/2020	Incidencias na docencia online
Alumnado do Grao de Primaria	01/04/2020	Uso da biblioteca e recursos en liña
Alumnado do Grao de Primaria a través dos seus representantes	14/04/2020	Reunión mantida por Skype Empresarial entre o equipo decanal e os representantes do alumnado para aclarar cuestións e dúbidas sobre a marcha do curso, as prácticas, os TFGs e a avaliación
Alumnado do Grao de Primaria	15/04/2020	Dispoñibilidade de medios e recursos tecnolóxicos: enquisa
Alumnado de segundo curso do Grao de Primaria	01/05/2020	Aviso da coordinación do Prácticum da posta a disposición de vídeos explicativos para o alumnado sobre o Prácticum I como sesión Pre-Prácticum de cara ao vindeiro curso
Alumnado do Grao de Primaria	02/05/2020	Calendario de probas finais non presenciais
Alumnado do Grao de Primaria	11/05/2020	Novas axudas para o desenvolvemento da docencia virtual e préstamo de material informático e de conexión a servizos de Rede
Alumnado do Grao de Primaria	15/05/2020	COVID-19: recollida de material por parte do alumnado
Alumnado do Grao de Primaria	30/05/2020	Información para o alumnado sobre aulas con reforzo de rede sen fíos

Adenda ao Autoinforme de Seguimento do Título de Mestre/a de Primaria 2019-2020: FFP (Lugo)

Alumnado do Grao de Primaria	04/06/2020	Seminario de orientación laboral
Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria	04/06/2020	Información virtual sobre as mencións
Alumnado do Grao de Primaria	05/06/2020	Reapertura do servizo de préstamo da biblioteca
Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria	05/06/2020	Sesión virtual de consultas sobre as mencións a través de Teams
Alumnado de Segundo curso do Grao de Primaria	15/06/2020	Vídeos explicativos do Prácticum para o vindeiro curso
Alumnado do Grao de Primaria	19/06/2020	Seminario online: elaboración de ferramentas para busca de emprego
Alumnado do Grao de Primaria	15/07/2020	Recordatorio de axudas ao alumnado con dificultades económicas sobrevidas e imprevistas

7. Comunicacóns ao profesorado

Do mesmo xeito, o equipo decanal e as diferentes coordinacións mantiveron contacto co profesorado das titulacións durante este periodo de interrupción de actividades presenciais, fundamentalmente a través do correo USC, facilitando información de diversa natureza, orientacións e recomendacións, como se recolle na táboa que segue:

Remitente	Data	Asunto
Decanato	18/03/2020	Indicacións sobre a docencia non presencial na Facultade
Decanato	23/03/2020	Seguemento da docencia non presencial: informe
